

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 49

Sesión Plenaria
25 de abril de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto único.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 24009, 12/DEBA-000001)



SUMARIO

Retómase a sesión ás once e tres minutos da mañá.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

O señor presidente explica o desenvolvemento desta parte do debate segundo o acordo tomado na sesión da Mesa e da Xunta de Portavoces do día 15 de abril de 2025. (Páx. 8.) A seguir dálle a palabra á señora secretaria para que comunique as propostas de resolución que foron admitidas pola Mesa do Parlamento, e tamén a súa agrupación para a votación. (Páx. 8.)

A secretaria da Mesa, dona Ethel María Vázquez Mourelle, comunica ao Pleno do Parlamento de Galicia os acordos con relación ás propostas de resolución presentadas ao Debate anual de política xeral de 2025. (Páx. 8.)

Debate das propostas de resolución

O señor presidente abre a rolda dos grupos parlamentarios para o debate das propostas de resolución. (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 10.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 15.), Sra. Rodil Fenández (BNG) (Páx. 23.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 29.)

Rolda dos grupos parlamentarios para se posicionaren respecto das propostas de resolución dos demais grupos: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 37.), Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 41.), Sra. Rodil Fenández (BNG) (Páx. 43.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 45.)

Votación das propostas de resolución transaccionadas

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 1 do G. P. Mixto: aprobado por 41 votos a favor, 9 votos en contra e 25 abstencións. (Páx. 49.)



Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. Mixto: *aprobado por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 22 do G. P. Mixto: *aprobado por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 30 do G. P. Mixto: *aprobado por unanimidade, con 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención* (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. Mixto: *aprobado por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 14 do G. P. Mixto: *aprobado por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 21 do G. P. Mixto: *aprobado por 41 votos a favor, 10 votos en contra e 24 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a proposta de resolución número 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobado por 50 votos a favor, 25 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as propostas de resolución número 10 do G. P. dos Socialistas de Galicia e número 26 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitado por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 49 votos a favor, 25 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación do texto transaccionado entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as propostas de resolución número 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e número 17 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitado por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución

O señor presidente explica que, a seguir, serán votadas as propostas de resolución que os diferentes grupos parlamentarios decidiron separar, comezando polas propostas de resolución do G. P. Mixto. (Páx. 53.)



Votación das propostas de resolución do G. P. Mixto

Votación da proposta de resolución número 3 do G. P. Mixto: *rexeitada por 1 voto a favor, 49 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 53.)

Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. Mixto: *aprobada por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 53.)

Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Mixto: *aprobada por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 53.)

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Mixto: *rexeitada por 26 votos a favor, 49 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. Mixto: *aprobada por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación da proposta de resolución número 23 do G. P. Mixto: *rexeitada por 1 voto a favor, 74 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. Mixto: *aprobada por unanimidade, con 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Mixto: *aprobada por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.* (Páx. 55.)

Votación das propostas de resolución números 2, 4, 8, 13 e 31 do G. P. Mixto: *rexeitadas por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Votación das propostas de resolución números 6, 7, 10, 11, 16, da 18 á 20 e a 24 do G. P. Mixto: *rexeitadas por 10 votos a favor, 40 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 55.)

Votación das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia

Votación das propostas de resolución números 21, 22 e 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 10 votos a favor, 40 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación das propostas de resolución números 15, 23, 26, 29 e 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 10 votos a favor, 65 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación das propostas de resolución números da 1 á 9, da 11 á 14, 16, 18, 19, 24, 25, 28, 30 e da 32 á 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)



Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Votación da proposta de resolución número 3 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 25 votos a favor, 40 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 57.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 57.)

Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 26 votos a favor, 49 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación da proposta de resolución número 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 25 votos a favor, 40 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 58.)

Votación das propostas de resolución números 1, 5, 8, 10 e 38 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 25 votos a favor, 49 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 58.)

Votación das propostas de resolución números 6, 9, 11, 14, 32 e 35 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 26 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación das propostas de resolución números 2, 7, 12, 13, 15, da 17 á 23, da 27 á 29, 31, 33, 34, 36, 37 e 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 35 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Partido Popular de Galicia

Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por unanimidade, con 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 49 votos a favor, ningún voto en contra e 26 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación da proposta de resolución número 7 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 49 votos a favor, 25 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 40 votos a favor, 25 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 49 votos a favor, 24 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 60.)



Votación da proposta de resolución número 19 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 49 votos a favor, 25 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 60.)

Votación da proposta de resolución número 20 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 66 votos a favor, 9 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 40 votos a favor, 9 votos en contra e 26 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación das propostas de resolución números 3 e 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación das propostas de resolución números 6, 25 e 33 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación das propostas de resolución números 4, 14, 26 e 31 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 25 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación das propostas de resolución números 10, 11, 32 e 39 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 9 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación das propostas de resolución números 13, 27, 35 e 38 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.* (Páx. 62.)

Votación das propostas de resolución números 22, 24, 28 e 36 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por unanimidade, con 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación das propostas de resolución números 5, 12, 16, 21 e 30 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación das propostas de resolución números 8, 9, 18, 23 e 37 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 50 votos a favor, 25 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Remata a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás once e tres minutos da mañá.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión, co debate e coa votación das propostas de resolución, e todo iso faremolo segundo o acordo da Mesa e Xunta de Portavoces do 15 de abril de 2025. Este pleno desenvolverase do seguinte xeito.

Primeiro, anuncio da agrupación e votación separada das propostas de resolución para a votación, conforme a información recibida dos grupos parlamentarios; logo, unha rolda de intervención dos portavoces dos grupos parlamentarios, para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución, por un tempo de trinta minutos por grupo parlamentario; posteriormente, unha rolda de fixación de posicionamento dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos, por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario; e, por último, votariamos xa as propostas de resolución.

Pero, para iso, primeiro teño que lle dar a palabra á secretaria da Cámara, para que dea conta das propostas de resolución admitidas pola Mesa e a súa agrupación para a votación.

A señora SECRETARIA (Vázquez Mourelle): A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 24 de abril de 2025, cualificou as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co Debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2025.

Na sesión do 25 de abril examináronse as propostas de transacción e as peticións de votación separada de propostas de resolución e adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Tomar coñecemento das propostas de transacción e das peticións e votacións separadas seguintes:

A. Propostas de resolución transaccionadas: 1: 24542, proposta de transacción entre o Grupo Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposición de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Mixto; 2: 24543, proposta de transacción entre o Grupo Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposta de resolución número 9 do Grupo Parlamentario Mixto; 3: 24544, proposta de transacción entre o Grupo Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposta de resolución número 22 do Grupo Parlamentario Mixto; 4: 24545, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposta de resolución número 30 do Grupo Parlamentario Mixto; 5: 24546, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario Mixto; 6: 24547, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposta de resolución número 14 do Grupo Parlamentario Mixto; 7: 24548, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario Mixto, verbo da proposta de resolución número



21 do Grupo Parlamentario Mixto; 8: 24549, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, verbo da proposta de resolución número 20 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; 9: 24550, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, verbo da proposta de resolución número 26 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a proposta de resolución número 10 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; 10: 24551, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, verbo da proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; 11: 24552, proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, verbo da proposta de resolución número 30 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a proposta de resolución número 17 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

B. Solicitudes de agrupación e de votación separada das propostas de resolución.

Grupo Parlamentario Mixto. Proposta de resolución número 3; proposta de resolución número 15; proposta de resolución número 23; proposta de resolución número 26; propostas de resolución números 2, 4, 8, 13, 25 e 31; propostas de resolución números 5 a 7, 10 a 12, 16 a 20 e 24.

24553, Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Propostas de resolución números 21 e 22 e 27; propostas de resolución números 15, 23, 26, 29 e 31; propostas de resolución números 1 á 9, 11 a 14, 16, 18 e 19, 24 e 25, 28, 30, 32 a 40.

24555, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Propostas de resolución números 1, 5, 8, 10, 16 e 38; propostas de resolución números 3 e 4, 6, 9, 11, 14, 32, 35 e 39; propostas de resolución números 2, 7, 12 e 13, 15, 17 a 25, 27 a 29, 31, 33, 34, 36, 37 e 40.

24554, Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Proposta de resolución número 2; proposta de resolución número 15; proposta de resolución número 20; proposta de resolución número 40; propostas de resolución números 3 e 34; propostas de resolución números 6, 25 e 33; propostas de resolución números 7, 17 e 19; propostas de resolución números 4, 14, 26 e 31; propostas de resolución números 10 e 11, 32 e 39; propostas de resolución números 22, 24, 28 e 36; propostas de resolución números 1, 13, 27, 35 e 38; propostas de resolución números 5, 12, 16, 21 e 30; propostas de resolución números 8, 9, 18, 23 e 37.

Segundo. As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona, polo que estas non se someterán a votación. Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución. Os parágrafos da parte resolutiva das propostas de resolución, estean ou non identificados con guións ou con calquera outro signo de puntuación, non poderán dar lugar a unha votación separada.

E, a maiores, comunicamos a solicitude do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego da votación separada das propostas de resolución do Partido Popular, a 1, e das propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego separadas, a 3, 4, 16, 25 e 39.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debate das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, cos debates.

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías, e público que nos poida estar seguindo.

Non vou falar das nosas propostas. Como á xente probablemente lle importa máis saber o que a Xunta de Galicia pode acabar por facer, por ter apoiado totalmente ou en parte as nosas propostas, empezarei a falar polas que temos previsto que saian adiante das nosas propostas, pois en principio polo apoio do Partido Popular, que garante a saída adiante destas propostas, e moi probablemente tamén do apoio do resto dos grupos. Logo falarei das que sairán adiante transaccionadas e despois falarei das que nos foron rexeitadas, polo menos polo Partido Popular, e polo tanto non sairán adiante, ao ter este partido maioría absoluta, aínda que probablemente sexan aceptadas polo resto dos grupos.

O Partido Popular aceptou —e, polo tanto, sairán adiante, e que o saiba a cidadanía, porque así poderá comprobar se efectivamente esa intención se traduce en realidade— pois garantir que as vías de titularidade..., perdón, perdón, perdón; esta está transaccionada.

«O Parlamento de Galicia instará a Xunta de Galicia a incrementar os recursos e a mellorar a planificación das actuacións en materia de saúde mental, garantindo a dotación suficiente de profesionais e de unidades de atención en todo o territorio galego». É a nosa proposta número 5, que, segundo o previsto, sairá adiante polo apoio do Partido Popular e moi probablemente tamén co resto dos grupos. Pero ben, como se segue fundamentalmente o labor do Goberno, pois que se saiba que o Partido Popular se compromete a isto.

Outra que tamén saíra adiante, previsiblemente, das nosas propostas, é a número 12: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir o acceso á atención sanitaria especializada, sen discriminación por territorio, promovendo a descentralización de servizos e o uso da telemedicina». Esta proposta, como digo, saíra adiante, ou ben co apoio como mínimo do Partido Popular, á parte do noso loxicamente, e moi probablemente, desde logo, co resto das forzas políticas. Pero, como digo, o control da cidadanía debe ser fundamentalmente o da acción de goberno.

Outra proposta nosa, a número 17, que tamén sairá adiante, pola vontade manifestada do Partido Popular en levala a cabo, é a de «incrementar o investimento de infraestruturas deportivas de uso público, garantindo criterios de equilibrio territorial». Cando dicimos o de



garantir o criterio de equilibrio territorial, vostedes xa saben que estou pensando fundamentalmente pois que ese equilibrio contemple en igualdade de condicións a provincia de Ourense en relación coas demais.

Outra cuestión que sairá adiante —esperemos, como intención, despois veremos se se executa— é «reforzar as medidas de seguridade viaria nas contornas escolares, incluíndo melloras na sinalización, nos pasos de peóns e nas zonas de baixa de velocidade»; outra cuestión que o Goberno, ou polo menos o grupo parlamentario que apoia o Goberno, ten intención de apoiar.

E outra tamén: «establecer unha liña de apoio específico á cultura local e aos festivais e actividades culturais que promovan a identidade e cohesión do territorio galego».

Estas son propostas que rexistramos e que sairán previsiblemente adiante co apoio, como mínimo, do Partido Popular, que se comprometeu —e así consta na documentación— a apoiarnos, e que desde logo dou por suposto que con toda probabilidade serán apoiadas tamén polo resto dos grupos.

Pero, como digo e repito, pois o labor de fiscalización por parte da cidadanía debe ser fundamentalmente o do Goberno.

Despois algunhas cuestións foron transaccionadas entre Democracia Ourensana —o Grupo Mixto— e o Partido Popular non nos termos estritos nos que as plantexamos, pero ante a alternativa de que fosen rexeitadas ou que fosen aceptadas parcialmente ou con lixeiros cambios, loxicamente, en aras da praxe e da mellor xestión para a cidadanía desde a nosa perspectiva, pois foron aceptadas as transaccións propostas.

E unha delas, que saíra adiante, será «garantir que as vías de titularidade autonómica integradas nas zonas urbanas sexan obxecto de cesión aos concellos, nos casos nos que a súa funcionalidade o permita, unicamente logo de que os termos da cesión sexan pactados entre a Xunta e o concello correspondente, de acordo cos criterios técnicos e coas necesidades de mobilidade».

A transacción, a pequena alteración que fixo o Partido Popular en relación coa proposta inicial, foi sinxelamente que estas cesións tivesen en conta a opinión dos concellos, cousa que, por outra parte, nós dabamos implicitamente por certo. É dicir, loxicamente, esta cuestión non se pode facer sen a colaboración do concello ou sen o diálogo co concello. Loxicamente, teríamolo por implícito; o Partido Popular fíxoo constar de xeito explícito; pois loxicamente ímolo aceptar así.

Outra cuestión que sairá adiante, tras ser transaccionada co Partido Popular, será que o Parlamento de Galicia, ben, que «a Xunta de Galicia porá en valor os centros históricos e os barrios degradados das cidades galegas, promovendo a xeración urbana e a recuperación do patrimonio arquitectónico». A única diferenza era que nós propuñamos isto como un plan xeral e o Partido Popular eliminou a palabra «plan»; quere dicir que estas accións terán lugar de xeito particular en cada zona sen ser —digamos— amparadas por un plan xeral.



Isto á cidadanía impórtalle pouco. Quere dicir que con tal de que se poñan en valor os centros históricos e se melloren os barrios degradados, promovendo a rexeneración urbana e a recuperación do patrimonio, á cidadanía vaille importar pouco se isto é como consecuencia dun plan ou como unha consecuencia de accións puntuais. Loxicamente, estaríamos tamén de acordo.

Outra cuestión que sairá adiante —xa digo, todo isto sen óbice de que os partidos da oposición o apoiarán seguramente tamén— é que «a Xunta de Galicia reforzará os mecanismos estables de diálogo e de coordinación coas entidades locais e co tecido social para definir investimentos prioritarios no marco da planificación orzamentaria». A única diferenza, da que non fixemos *casus belli*, cuestión de guerra, foi que nós dicíamos «establecer» eses mecanismos («establecelos») e o Partido Popular cambiou a palabra por «reforzalos», dando a entender que nalgunha medida se estaban facendo xa. Ben, entre «establecer» e «reforzar» hai diferenza e, se non se facía nada, a multiplicación por cero dá cero; entón, reforzar un cero pois é cero. Pero, ben, dándolles a confianza de que ao mellor se está facendo algo nese sentido —un 0,1 ou un 0,0001—, reforzar enténdese por multiplicar; e ben, se se multiplica, pois igual ata se fai algo. Polo tanto, tamén imos aceptalo así.

Outra cuestión que sairá a adiante co apoio do Partido Popular, e moi probablemente co do resto dos grupos, é «impulsar un plan de mobilidade sostible para actuacións de fomento do transporte público». A alteración coa nosa proposta inicial é que nós incluíamos a reforma viaria; entendo que isto se eliminou porque a competencia do bo estado da rede viaria é unha competencia diferente á da xestión do transporte; co cal, pois tamén o imos deixar —digamos— nunha cuestión á parte, loxicamente, incluso porque moitas vías non son de titularidade autonómica e a xestión do seu bo estado viario corresponde a outras administracións; co cal un plan de mobilidade sostible para actuacións de fomento do transporte público —do que falamos moitas veces— tamén estará ben.

Temos despois tamén «seguir traballando na mellora da información territorializada incluída nos orzamentos, que así mesmo permita proporcionar maior información ao cidadán». Nós plantexabamos inicialmente que se dera información territorializada, e isto dixémolo porque durante a análise dos orzamentos, nos que nós pretendíamos fundamentalmente comparar os investimentos na provincia de Ourense co resto das provincias, custounos moito extraer esta información diferenciada dese xeito. Porque os criterios —digamos— de exposición e de clasificación das diferentes partidas orzamentarias non estaban de forma explícita asociados aos territorios, estaban de forma implícita, despois dun traballo inxente pola nosa parte, que requiriu a colaboración de xente profesional máis capacitada ca nós para facelo. Pero, ben, ao final conseguimos, despois de moito traballo —digamos— destinar a información segundo ese criterio, o criterio territorial. Pero, ben, como o conseguimos, ao final dalgún xeito estaba implícito, dalgunha maneira estaba implícita esa información; tivo que ser sometido a un proceso complexo para poder presentala desa maneira. Que, ademais, lembrarán vostedes que as presentamos cuns diagramas de sectores moi bonitos onde se vía que o investimento na provincia de Ourense era, en xeral, moito menor que no resto. Entón, nós na nosa proposta queríamos que nos seguintes orzamentos esa información se manifestase de xeito explícito. E entón, ben, a modificación do Partido Popular foi a mellora desa información territorializada, entendendo que dalgunha maneira estaba —aínda que había que sacala, digamos, sachando cun pico—, e



agora pois esperamos que se manifeste de forma máis explicitada, para que nos seguintes orzamentos poidamos ver de xeito máis claro como se discrimina a provincia de Ourense nos orzamentos. O feito de que esa información vaia ser máis explícita e clara fará que o Goberno da Xunta non teña unha tentación tan clara de discriminar a provincia de Ourense, porque se vai ver; entón, vanse ter que medir máis á hora de deseñar os presupostos, porque se vai visualizar moito mellor probablemente —salvo que cambien de estratexia— esa discriminación.

Outra cuestión que tamén sairá adiante: «reforzar con programas de mellora de espazos públicos contornos urbanos degradados, promovendo a inclusión social e a recuperación do espazo para a cidadanía». Aquí tamén a cuestión fundamental durante a transacción foi cambiar a palabra «reforzar» pola palabra «crear»; é dicir, o mesmo de antes; eles entenden que algo están facendo no tema, ou sexa, que non é cero. E é o que dicíamos antes: se multiplicas por cero dá cero, se multiplicas por 0,01 ou 0,0001, sempre dá algo. A cuestión aí onde din «reforzar», este «reforzar», ¿en que vai consistir?, ¿en multiplicar por 1,5 ou multiplicar por 10? Preferimos que sexa multiplicar por 10 ou, se pode ser, por 100. Aquí está a cuestión de que a palabra «reforzar» pode significar facer un pouquiño máis do que estaba facendo, que se é cero pasa a ser 0,001; ou se se reforza, digamos, de xeito significativo. Ímoslle dar o grao de confianza ao Partido Popular e imos aceptar que admite esta segunda interpretación: «reforzar de xeito significativo».

E logo temos, ben, unha cuestión. Eu xa dixen aquí o outro día que queríamos promover a Medalla de Galicia para Isaac Alonso Estraviz, polo importante labor que fixo polo galego co seu dicionario e cos traballos que leva feito. A transacción co Partido Popular foi que o Partido Popular dixo que ao mellor a Medalla de Galicia, como excede as competencias propias, porque —digamos— interveñen máis axentes sociais que o propio Goberno á hora de decidir esa clase de cousas, o Partido Popular cambiou este texto, dicindo «impulsar os vínculos coa lusofonía a través do recoñecemento ao traballo de persoeiros como don Isaac Alonso Estraviz». Ou sexa, a cuestión que se tratou foi que se lle dea un recoñecemento, que pode chegar a ser eventualmente a Medalla de Galicia, que nós propuñamos, ou que sexa outra. Como alternativa, era o voto en contra, porque a alternativa, se non aceptabamos esa forma de velo, era o voto en contra; pois entre o voto en contra a un recoñecemento de Estraviz e un recoñecemento, aínda que pode chegar a ser ou non a Medalla, pois, lóxicamente, decidímonos pola segunda cuestión. Porque entre que se rechacen de plano e que se admita parcialmente, pois, lóxicamente, na práctica é mellor o segundo.

E logo tiñamos unha cuestión máis, relacionada coa proposición número 30: a declaración de contaminación de nitratos de orixe agraria e da mellora do regadío, que propoñemos. A única alteración que nos propuxo o Partido Popular foi salvando a correspondente burocracia. Pois iso, que tamén se dá de xeito implícito. Ou sexa, esta clase de posturas sempre dan por suposto —polo menos neste ámbito no que estamos agora— que se fará de acordo coa lei e de acordo cos procedementos burocráticos. Eu particularmente penso que iso non fai falta explicitalo; non vas tomar unha destas medidas saltando a burocracia; pero, ben, xa que o queren facer constar de xeito explícito, pois aí está.

Estas serían as cuestións que, presumiblemente, sairán adiante, nuns casos tal e como foron redactadas e noutros casos transaccionados deste xeito.



E agora correspóndeme dicir as que non sairán adiante, porque xa o Partido Popular nos manifestou a súa intención de votalas en contra; entón, non sairán adiante, por moito que probablemente o resto dos grupos da oposición as apoien en gran medida ou en menor medida. Pero ben, como o Partido Popular ten a maioría absoluta, pois non van saír adiante.

E entón vou ler algunhas. «Asumir directamente os custos derivados do mantemento ordinario e extraordinario dos centros públicos de ensino obrigatorio, evitando a sobrecarga das administracións locais e asegurando condicións igualitarias dentro do territorio galego»; votarán en contra. «Poñer en marcha un plan específico de mellora e de modernización de infraestruturas hospitalarias, priorizando aquelas que presenten deficiencias estruturais...» —e nisto xa saben onde estou pensando— «...ou deficiencias recorrentes nas áreas sanitarias»; votarán en contra. «Establecer un fondo extraordinario para investimentos prioritarios en municipios que sufran situacións recorrentes de infrainvestimento ou déficit estrutural en servizos básicos»; votarán en contra. «Reforzar os servizos de atención primaria, coa incorporación estable de profesionais e co incremento do tempo de atención por paciente»; votará en contra o Partido Popular; xa digo, o resto da oposición non sei o que votará, pero presumo que seguramente moitas veces en moitas desas propostas votarán a favor. «Reformular os criterios de distribución territorial dos investimentos, garantindo a equidade, a transparencia e o reequilibrio entre provincias e comarcas»; votarán en contra. «Avaliar a rendibilidade social e territorial das partidas non executadas e proceder, se procede, á súa reorientación a zonas con maiores necesidades»; votarán en contra. Aquí xa saben vostedes que eu estaría pensando probablemente nesa reasignación que propuxen: dun investimento en Vigo a investimento en Ourense; pero, ben, foi redactada en termos máis xerais; votarán en contra. «Reforzar a política de vivenda pública nas zonas cunha maior porcentaxe de fogares en situación de vulnerabilidade, especialmente nos concellos medianos e pequenos»; votarán en contra. «Elaborar un plan de transición xusta para as zonas afectadas pola perda de servizos públicos ou polo peche das instalacións, co fin de garantir o mantemento do tecido social e económico»; votará en contra o Partido Popular. «Establecer axudas específicas para a modernización de servizos de alumeado público, priorizando a eficiencia enerxética e a redución da contaminación luminosa»; votarán en contra. «Estudar fórmulas para mellorar a distribución de efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado nos municipios galegos, priorizando a cobertura local»; votarán en contra. Quero dicir que nalgunhas destas propostas houbo propostas de transacción que non foron aceptadas. «Impulsar políticas de fomento do comercio local e de proximidade con medidas específicas de apoio en zonas afectadas pola despoboación ou pola perda da actividade económica»; votará en contra o Partido Popular etcétera.

Teño que dicir que, das transaccións aceptadas, algunhas transaccións foron propostas, concretamente, polo Partido Socialista, e foron rexeitadas non por nada, senón porque das propostas de transacción que nos fixo o Partido Socialista algunhas xa tiñan sido aceptadas previamente polo Partido Popular tal e como foran formuladas, co cal xa había garantía de que saísen así e, polo tanto, non tiña sentido aceptar unha transacción. E outras xa tamén foran transaccionadas co Partido Popular de xeito previo, co cal, como o voto do Partido Popular garante a saída para adiante das propostas, pois tampouco ten sentido transaccionalas cun partido da oposición, con todos os respectos.



E ben, aínda hai por aquí algunhas máis que tampouco foron rexeitadas, non sei se as dixeron todas. Pero ben —como digo—, falei, porque é o que máis lle interesa á cidadanía, das propostas que foron aceptadas directamente polo Partido Popular e que, polo tanto, saíran adiante nesta votación, e veremos se saen adiante como execucións reais e prácticas. Falei das propostas de transacción que fixo o Partido Popular e que foron aceptadas, que entendemos que no espírito polo menos non alteraron fundamentalmente as nosas propostas, aínda que na letra as alteraron nalgúns casos pero non na perspectiva que lle interese ao cidadán. Pois eu creo que as lin de xeito claro e a cidadanía pode facer un seguimento dos compromisos asumidos polo menos polo Partido Popular no ámbito do Parlamento, a ver se se cumpren. E despois tamén falei das que non foron aceptadas e que serán votadas en contra, para que tamén faga a cidadanía a valoración correspondente.

Quedan dez minutos, pero, como tampouco me gusta moito falar por falar, pois vounos deixar aquí no limbo do tempo.

E agradezo a súa atención.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Imos saudar agora uns veciños da Limia, en concreto de Xinzo de Limia, que é o centro Rosalía de Castro, aos alumnos de quinto curso. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos co debate.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Conselleiros e conselleiras, señores e señoras deputados e todos os alumnos dos colexios que hoxe nos acompañan.

Ao comezo do Debate do estado da Autonomía, cando escoitabamos o señor Rueda, eu empecei a deixar voar a miña imaxinación para identificar de que lugar, de que comunidade autónoma ou de que país estaba a falar. Podo asegurarlles que de Galicia non. Quizais estaba a falar do Goberno de España. Si, quizais estaba a falar do Goberno de Pedro Sánchez e non de Galicia. Quizais estaba a falar desa España á que *Le Figaro* dedica o seu editorial dicindo que aplaude o Goberno progresista de España con Pedro Sánchez Castejón, onde a xestión é excelente e que grazas ao seu esforzo se converteu no campión de Europa de crecemento.

E, señores do Partido Popular, non se rían, non negarán a ideoloxía deste medio, como tampouco negarán que *The Economist* elixiu España como a mellor economía da OCDE no ano 2024. (Aplausos.) Ou *The Times*, que describe unha España puxante, camiño dunha nova era de prosperidade. E así poderíamos seguir con moitas máis informacións que espero que sexan admitidas polo Partido Popular.



Pero o Goberno de España consegue estes resultados mentres mellora o Estado de benestar, sobe as pensións, sobe o salario mínimo interprofesional, o ingreso mínimo vital. E cito estes tres exemplos porque son tres medidas que afectan moitos galegos e galegas, como afecta tamén positivamente a bonificación das peaxes das autoestradas.

E son só uns exemplos da aposta clara e decidida do Goberno de España, fronte á inacción da Xunta de Galicia, da que falou xa o noso portavoz, o señor Besteiro, o pasado mércores.

E si, efectivamente, vivimos nunha España que experimentou unha recuperación económica equilibrada nos últimos anos e que cun 3,2 por cento de crecemento, no ano 2024, lidera o crecemento de Europa. Pero Galicia vai ao rebufa de España e non aproveita como debera ese crecemento. E non estamos a falar de algo que suceda a Galicia ou que suceda a Galicia de forma puntual ou de forma illada, porque nos anos anteriores, os anos 2021, 2022 e 2023, o produto interior bruto de Galicia tamén era máis baixo que o de España, e o mesmo sucedenos co emprego ou con calquera magnitude que quixésemos comparar.

E agora, no ano 2025, aos conflitos bélicos únese a política económica que comeza a aplicar Donald Trump, coas repercusións da aplicación dos aranceis —hoxe con vaivéns— en determinados sectores económicos.

E, afortunadamente, contamos cun plan de choque do Goberno de España. E, a pesar do anuncio do presidente, do señor Rueda, seguimos sen un plan con dotación económica para axudar a nosa economía.

Por iso pedimos un plan real para facer fronte aos impactos na economía galega derivados da entrada en vigor da nova política arancelaria de Trump. Porque os galegos e as galegas necesitamos gobernantes con ideas claras, que marquen o rumbo, que xeren confianza e que dean esa confianza á economía para que poidamos xerar emprego e benestar.

E miren, tamén quero lembrar a hipocrisía política do Partido Popular; cando gobernan non o fan, e logo queren unha e outra vez exixir ao Goberno de España que o que non fixeron cando gobernaban o fagan os demais.

O mércores tivemos moitos exemplos, pero vou citar só un: o financiamento económico que foi aprobado baixo o Goberno de Zapatero. Hoxe o Partido Popular e Rueda quéixase permanentemente do financiamento, pero cando gobernaba o Partido Popular en España, cando gobernaba Mariano Rajoy, non foi capaz de modificalo, pero é que é máis: nin o intentou. *(Aplausos.)*

Non se ría, señor conselleiro, que esa é a realidade, esa é a realidade. Si, si, si, é a realidade e a historia pono de manifesto. Non negue a historia.

E a condonación da débeda non é allea a este sistema de financiamento, porque ten unha finalidade moi clara, que é dotar Galicia de maiores recursos. Porque, ademais, non podemos esquecer que Galicia triplicou a débeda pública dende que o Partido Popular goberna en Galicia, pasando de 4.859 millóns de euros no ano 2009 a 12.154 no ano 2024.



E agora o Goberno de Pedro Sánchez proponnos asumir un terzo da débeda, que é unha proposta enormemente ambiciosa e que supón o primeiro gran punto de inicio do financiamento autonómico. Pero a vontade do Goberno de Galicia deixouno plasmada nunha reunión que durou tres minutos para falar do tema. Esa tamén é xa historia do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Por este motivo nós presentamos a resolución número 18. Pero tamén debemos pensar en ir avanzando nunha reforma do actual sistema de financiamento que, baseado na solidariedade, aborde a corresponsabilidade fiscal. Porque, se rebaixamos a nosa débeda e xestionamos mellor os nosos impostos, xa teremos dado pasos para dispor de máis recursos para facer políticas en beneficio dos galegos e das galegas. Porque ata o de agora, e con esa maior débeda que xerou o señor Feijóo e o señor Rueda, á que antes aludín, ¿melloramos en educación, melloramos en vivenda, melloramos en políticas ambientais, mellorou o noso medio ambiente, a nosa pesca ou o marisqueo, a nosa industria, a nosa sanidade, o emprego, as persoas vulnerables? ¿Cal foi a súa política, a política da aposta decidida da Xunta de Galicia polos galegos e as galegas? Non a hai, non a hai, señores e señoras conselleiros, non a atoparía nin Paco Lobatón. *(Murmurios.)*

E quero empezar a falar de políticas e alternativas que os socialistas queremos trasladarlles coas nosas solucións. *(Murmurios.)* Insisto: quero empezar a trasladarlles as súas faltas de políticas e de alternativas, que os socialistas plasmamos nas nosas resolucións.

Empezo polo acceso á vivenda. Porque o acceso á vivenda converteuse na gran dor de cabeza para moitos galegos e galegas e xa é o principal problema, por diante da sanidade, coa que antes empataba en preocupacións. Esa preocupación, ademais, sobe de forma moi importante: cinco puntos nos últimos tres meses. E isto é consecuencia da non existencia durante dezaseis anos dunha política de vivenda por parte da Xunta de Galicia; unha política que deu lugar a un problema de accesibilidade para moitas capas da poboación, pero, sobre todo, para as persoas de entre 30 e 44 anos.

A vivenda é competencia exclusiva da Xunta de Galicia. Polo tanto, o problema que temos é polo seu desleixo e pola incompetencia, ou, se o prefiren, pola súa desastrosa xestión. Foron dezaseis anos perdidos no ámbito da vivenda, e eses anos perdidos nunca os poderemos recuperar.

Xa sabemos que ao Partido Popular non lle gustan as comparacións, pero hai que enfrontar as 10.000 vivendas de protección oficial do Goberno de Emilio Pérez Touriño coas menos de 500 na última lexislatura do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E non foron capaces de executar o cen por cento dos fondos europeos nin os estatais nesta materia. Porque, a diferenza de vostedes, nós, os e as socialistas, si apostamos por unha vivenda pública e accesible.

E, como dixo José Ramón Gómez Besteiro, propoñemos, entre outras medidas, a creación dun banco público de alugueiro, como organismo autónomo mediador entre as persoas propietarias que pretenden alugar as súas vivendas en condicións de seguridade xurídica e ofrecelas a demandantes, actuando a Administración como mecanismo de garantía e aval.



Tamén queremos un plan de construción de vivenda pública e políticas de rehabilitación, para que a oferta se poida incrementar e ir rachando coa especulación. Porque ¿cren que despois xa de non facer nada en dezaseis anos podemos crer esa aposta que anunciaron o mércores pola rehabilitación? Terán que demostrala, porque, de momento, teñen todos os puntos para que nós non creamos este anuncio.

Pero, aínda que a sanidade é o segundo problema dos galegos e das galegas, as enquisas sinalánnos que para a xente maior de 65 anos a sanidade pasa a ser a primeira fonte de preocupación, por encima da vivenda. Pero na sanidade o problema que senten os galegos e as galegas tamén ten unha tendencia crecente en canto a esa preocupación. Porque, por moito que o negue o Partido Popular, a atención primaria atravesa unha gran crise, consecuencia, entre outros motivos, do baixo investimento que a Xunta lle dedica.

Temos menos médicos de familia, menos pediatras, menos enfermeiras e tardamos de media, segundo o Centro de Investigacións Sociolóxicas, oito días para poder asistir a unha consulta de primaria. E esta espera non é unha opción.

A atención primaria, para os socialistas, ten que ser unha forma de operar; a accesibilidade, a lonxitudinalidade, a multidisciplinaridade e a continuidade. Os socialistas queremos recuperar o orgullo da atención primaria, e por isto presentamos a proposta de resolución para ter garantida a dispoñibilidade nun tempo máximo de corenta e oito horas e o restablecemento dun número máximo de consultas e procesos por cada profesional. *(Aplausos.)*

E fixémolos porque probablemente é o espazo do sistema sanitario que necesita recuperarse dunha maneira máis clara, ademais de ser a porta de entrada que máis debemos coidar, sen esquecer a atención especializada nin a atención hospitalaria, que, por certo, señor conselleiro, nalgúns sitios ata caen os teitos. Pero nesa atención hospitalaria as listas de espera non fan máis que medrar. E eu dígolle que transmita tamén ao presidente que mire os datos do ano 2019; estamos moito peor que no ano 2019. *(Aplausos.)* E os galegos e as galegas estamos fartos do autobombo por parte da Xunta de Galicia.

E voulle dicir unha cousa. Xa sei, señor conselleiro, que o presidente da Xunta de Galicia dixo que o Ministerio sacara aquí os datos, xa o sei, pero non son datos do Ministerio, son os datos que mandan as consellarías; e, se as consellarías mandan datos falsos, iso non se pode comprobar. *(Murmurios.)* E é a realidade, señor conselleiro. *(Aplausos.)* Si, señor, si, señor conselleiro. Porque, se vostede estivese disposto a que houboese transparencia, tería aprobado iniciativas en comisión, tería aprobado iniciativas en Pleno, para dar transparencia ás listas sanitarias, e sempre contamos coa oposición do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero mire, hai unha cousa, e non soamente o noso grupo, tamén o presentou o BNG, e tiveron a mesma resposta que nós.

Pero mire, ese autobombo seguro que non o comparten as 358.208 persoas que se atopan nas listas de espera oficiais e as que aínda non entraron nas listas oficiais. *(Murmurios.)* Non, señor conselleiro, se quere despois xa fóra llo aclaro, porque estou vivindo na miña propia



pel que non estou en ningunha lista de espera para facer unha proba desde hai meses. Esa é a realidade, e é imprescindible reverter a situación e así o trasladamos noutra resolución.

Pero mire, na saúde mental somos a segunda comunidade autónoma na que máis se deteriorou durante os tres últimos anos. E a pesar de que ao inicio desta lexislatura se nos dixo que a saúde mental ía ser unha das prioridades, seguimos tendo unhas listas de agarda inasumibles, temos as *ratios* máis baixas de profesionais nesta especialidade. E a ver se de verdade este debate marca un antes e un despois xa en saúde mental, e o noso grupo recoñecerallo se isto é certo, porque, de verdade, señor conselleiro, queremos reverter esta situación e así o manifestamos na nosa resolución, que foi unha nas que chegamos a acordo co Partido Popular.

Porque, señores do Partido Popular, hoxe, se queren, en materia sanitaria poden xerar esperanza a moitos galegos e galegas que non poden pagar un médico privado. Por iso lles pedimos que acepten as nosas resolucións, que non sigan polo camiño dos recortes e a precarización. (*Aplausos.*) Reafirmámonos os socialistas e as socialistas no compromiso de seguir loitando por unha sanidade pública universal, de calidade e de proximidade.

E o terceiro e cuarto problema da poboación galega é o paro e a calidade do emprego, polo que tamén —síntoo moito— pouco ou nada arranxou o Goberno da Xunta do Partido Popular. Existe un desánimo na mocidade galega pola falta de oportunidades. Temos un alto nivel de desemprego e mala calidade do emprego e os mozos e as mozas optan por saír fóra. Formamos os mozos e as mozas para que despois xa enriquezan o mercado laboral fóra de Galicia, porque as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia son totalmente deficientes. Necesítanse medidas que incentiven positivamente o mercado laboral e que ofrezan novas oportunidades de emprego digno, estable e de calidade, e non a precarización do mercado laboral, que é o que fixo o Partido Popular ata o de agora.

Pero non só coa mocidade. A Xunta de Galicia ten que exercer as súas competencias con medidas de fomento do emprego e plans de emprego para os colectivos con máis dificultades. E os socialistas solicitamos á Xunta de Galicia a aprobación dun plan de primeira oportunidade para impulsar o emprego e para a mocidade, cofinanciando coas empresas os contratos estables que impliquen formación e oportunidades firmes para facilitar o acceso ao mercado laboral da xente moza. E queremos ser ambiciosos, para chegar a 10.000 persoas nesta primeira convocatoria.

Eu pido ao Partido Popular que non mire para outro lado, que non deixe na cuneta de novo todos os nosos mozos e as nosas mozas e que acepte esta iniciativa que presentamos, porque dende logo si tería un impacto directo en moitos dos nosos mozos e mozas, como digo, que están esperando unha solución que ata o de agora a Xunta non lles dá.

A educación. A educación segue a ser un dos factores claves do emprego. E o problema é que a educación tampouco mellorou. Hai redución dos efectivos docentes, sobre todo insuficientes para atender ao alumnado con necesidades especiais. Seguimos, un curso máis, sen ter gratuidade dos libros de texto, tema moi sensible para moitas familias, e creo que é moito máis práctico que a proposta fiscal que trouxo o Partido Popular. É necesario ampliar os servizos complementarios, coa incorporación dos servizos de madrugadores, imprescindibles para a conciliación. E a matrícula gratuíta que nos vendeu o Partido Popular para os univer-



sitarios é pura falacia. E un longo etcétera que non me dá tempo a describir, que de novo nos leva a propaganda, máis propaganda. *(Aplausos.)*

E o que é máis: non cumpren nin cos anuncios feitos, como é o caso da posta en marcha do plan Mega.

Queremos ser unha oposición construtiva e ofrecémoslles que aposten por unha educación universal, gratuíta, inclusiva e de calidade, votando «si» as nosas propostas de educación, indo máis alá da transacción realizada sobre o programa de educación dixital, coa aprobación dunha estratexia específica co fin de mellorar o sistema educativo.

Teñen que pensar tamén nese fondo estrutural do Plan de financiamento para as universidades, ata acadar o 1,5 por cento do produto interior bruto galego, de xeito que poidan ofrecer un servizo de calidade, estabilizar o emprego, cubrir a investigación estrutural e dar resposta á sostibilidade ambiental. Sen esquecermos de que é necesario un pacto galego pola ciencia, que poña o obxectivo en acadar no ano 2030 un investimento conxunto do 3 por cento do produto interior bruto galego en investigación, desenvolvemento e innovación, onde unha nova lei da ciencia tería un papel primordial.

E, como dicíamos, cando falamos de emprego son imprescindibles os mecanismos de formación vinculados ao mercado laboral, pero non teremos mercado laboral se non coidamos os nosos sectores produtivos.

As nosas rías sofren pola súa incompetencia. O marisqueo está a perderse, co que supón para o sustento de moitas familias, para a nosa cultura e para a nosa gastronomía. E necesitan axudas ou seguros de produción permanentes, para garantir tamén o necesario relevo xeracional.

Pero tamén é necesaria a investigación, a diversificación, a implantación de informes enerxéticos de auga, pero sobre todo unha diagnose da situación ambiental, social e económica do sector marisqueiro que contribúa a un mellor coñecemento, sostibilidade e competitividade, da que nin se falou aquí para nada.

Como tampouco se falou moito doutras actividades que vou ir tratando de citar, porque o tempo non me dá para máis.

Poderíamos falar do sector do turismo e do comercio, que tamén ten que ter unha calidade integral con potencial de crecemento, ou un turismo transversal que teña en conta a diversidade de Galicia para aproveitar o seu potencial, máis alá do Camiño de Santiago, e un turismo desestacionalizado.

E é difícil cualificar a postura da Xunta do Partido Popular en materia industrial: inexistente, irrecoñecible, insegura xuridicamente.

Esta fin de semana lía un titular nun medio de comunicación referíndose ao Goberno da Xunta: un goberno tranquilo, e agora enténdoo; esa tranquilidade provén da inacción da Xunta en moitas materias, pero unha desas materias destacables é a política enerxética e a política industrial.



Necesitamos proactividade, non tranquilidade, porque a industria galega é imprescindible para a prosperidade dun país e porque enfróntase a retos que requiren unha política industrial activa, que hoxe é unha auténtica descoñecida. Temos sectores que non podemos perder, pero é necesaria a diversificación, o aproveitamento dos nosos recursos naturais, a aposta decidida pola economía circular, polas enerxías renovables. En definitiva, necesitamos un Goberno galego que actúe como acelerador e non como freo, e que non centre todos os seus esforzos nunha única posible implantación industrial, que é o único que fixo o Goberno da Xunta de Galicia no último ano. *(Aplausos.)*

Pero o Partido Popular tampouco ten unha política enerxética recoñecible; e a transición enerxética non é unha opción, é unha obrigaón e unha oportunidade para loitar contra o cambio climático, para incrementar a competitividade e para rebaixar a dependencia dos terceiros países. E todo isto é un mundo un pouco descoñecido para o Partido Popular, cando Galicia debería ser referente —si, señora conselleira— en enerxías renovables, e estamos a velas vir. *(Aplausos.)*

E a aposta socialista recóllena as nosas propostas, que, seguro, estou convencida de que nin leu nin lle preocupan nin lle interesan para nada.

Pero o sector primario tamén ten que ser, si, ten que seguir sendo a columna vertebral do noso medio rural, pero para iso as nosas explotacións teñen que ser viables e temos que asegurar o relevo xeracional.

E na nosa proposta de resolución queremos facer unha aposta clara polo sector primario, nalgún aspecto moi concreto, como é o leite, que é un sector clave, e facémolo coa proposta da creación dun grupo lácteo galego.

E tamén manter vivo o noso sector forestal, esencial para a economía, o emprego e o territorio, cun plan de desenvolvemento de ciclos forestais completos que xeren valor engadido e cunha industria transformadora local. Porque todos sabemos que estes tres sectores son importantes para a prevención dos incendios forestais e a loita contra o despoboamento, despoboamento que afecta o noso medio rural, que alberga a maior riqueza cultural e natural e a nosa biodiversidade.

O despoboamento debería ser unha responsabilidade política de primeira orde, e estamos tamén ante unha inacción da Xunta de Galicia. Nós presentamos unha iniciativa que permite, entre outras cousas, accións que combatan o problema de xeito transversal e coordinado. Eu pídolles, señores conselleiros que están aquí, que lle digan unha cousa ao señor Rueda, que dixo que o Goberno de España, sen ter competencias, non fixera nada polo despoboamento. Pois ¿saben o que lles digo? ¿Saben quen fixo a Lei de desenvolvemento sostible do medio rural? Fíxoa quen fala. *(Aplausos.)* E ¿saben o que fixo o señor Feijóo naquel momento? Metela nun caixón e pechalo con chave, porque tiña que cofinanciala e non quixo nin preocuparse, e eu creo que nin lela. *(Aplausos.)* Iso é a diferenza entre uns e outros.

E da mesma forma debería ser unha responsabilidade política de primeira orde coidar da nosa biodiversidade. Porque hai que crer realmente na defensa do noso medio ambiente, e



a súa política medioambiental podíamos denominala a xestión da celulosa, e non o digo por Ence nin por Altri, non se me entenda mal; non, non, non. Dígoo porque a súa política queda en papel e non cumpren nin cos seus obxectivos, e así nos está a levar á cola de España. *(Aplausos.)*

Quedaríanos tamén por falar sobre a responsabilidade de primeira orde que supón non frear a diminución do uso da nosa lingua, e facemos unha proposta para que sexa declarada lingua cooficial no Parlamento Europeo.

En mobilidade, hai que reformular un plan de transporte público por estrada que dea resposta ás necesidades actuais de mobilidade dos galegos e das galegas. Ou de infraestruturas, comprometéndose a camiñar cara á gratuidade das autoestradas autonómicas, AG-55 e AG-57, coa aplicación de inmediato das bonificacións, como fixo o Estado para a AP-9 e para a AP-53. E non vaia ser que o Partido Popular só vexa a palla no ollo alleo e non vexa a viga no seu ollo. *(Aplausos.)*

E temos tamén obrigas como a calidade democrática, institucional, de transparencia, da que tampouco nos quixemos esquecer nas nosas propostas.

E temos outra obriga, como é dignificar a memoria dos que padeceron a persecución ou violencia durante a Guerra Civil ou a Ditadura, as obrigas cos dependentes, coa discapacidade, cos menores emigrantes, coa terceira idade.

E si, queremos propoñerlles un xiro nas políticas sociais, como dicía Besteiro o pasado mércores. Non son un gasto, señores do Partido Popular, son un investimento; non é caridade, senón un dereito baseado na solidariedade e na xustiza social. E mostra palpable foi o acto de celebración do aniversario do presidente, onde persoas perceptoras de axudas sociais saíron a un escenario contar o seu caso e agradecer a axuda. Non é caridade, señores do Partido Popular, non é caridade, son dereitos. *(Aplausos.)* Pero nese acto non estaban os máis de dous mil oitocentos dependentes que esperan unha residencia, por citar algún colectivo.

¿E cando pensan redactar a Lei de discapacidade? As nosas resolucións tentan dar unha solución ás necesidades sociais presentes na cidadanía galega, desde incrementar o gasto en atención á dependencia e á discapacidade ata definir o modelo de residencias, tanto desde o punto de vista de habitacionalidade como de implantación no territorio.

E si, por certo, ao anuncio do presidente da Xunta de Galicia espero que sume a nosa achega, e así poderemos facer algo mellor.

Pero tamén temos que pensar na atención á acollida de menores inmigrantes, á obriga pola igualdade e os retos pendentes de profundar na loita contra a violencia machista. Pídlles que lle trasladen ao señor Rueda os meus parabéns en temas de igualdade e violencia de xénero. Na intervención deste ano fíxoo mellor que no ano 2023, polo menos agora xa dedicou un minuto a este tema; cun anuncio que lle digo que o pense un pouco, porque creo que sería máis eficiente a educación como ferramenta de prevención do machismo. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ESPINOSA MANGANA: Vou rematando, señor presidente.

Non hai anuncios de medidas de asistencia á violencia para a vítima, nin coordinación en campañas de sensibilización contra o negacionismo da violencia de xénero, que xa afecta o 23 por cento da xente moza.

Teño que rematar. Quizais na réplica poida profundar nalgún aspecto máis, como é a obriga da Xunta de axudar financeiramente os concellos, que os ten absolutamente afogados e que se necesita un pacto local para saír desta situación. Pero teremos unha segunda parte.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén á xente que está na tribuna.

Hoxe debatemos, efectivamente, as propostas de resolución dos grupos parlamentarios nesta segunda sesión de Debate do estado da nación. Desde o BNG formulamos corenta propostas para avanzar colectivamente, para enfrontar os grandes retos que temos por diante. Como dixo a portavoz nacional, Ana Pontón, na sesión do mércores, o BNG trae hoxe corenta propostas con vocación de unir o país arredor do que de verdade importa. Corenta propostas que parten da confianza absoluta que temos no BNG no enorme potencial que ten o noso país. Porque iso si que é pensar Galiza en grande. *(Aplausos.)*

Corenta propostas para unir as galegas e os galegos ao redor do que importa: unha sanidade pública na que o dereito á saúde non dependa da tarxeta bancaria, onde o dereito a unha vellez digna non sexa un negocio, nin ser coidado un privilexio. Un país onde pensemos nas xeracións que veñen detrás e que teñen dereito a herdar un territorio coidado e a seguir bebendo da fonte da nosa propia identidade, co maior orgullo que temos, que é o de ser galegas e galegos.

A xente deste país, e sobre todo as súas condicións de vida, é o eixo sobre o que pivotan as corenta propostas de resolución que trae a este debate o BNG. Propostas ambiciosas, fronte á propaganda e ás palabras ocas que escoitamos o pasado mércores por boca dun Rueda —hoxe xa ausente do debate— que intenta tapar, con quilos e quilos de propaganda, que goberna en contra dos intereses de Galiza e que, se ten o mérito de algo, é o de ser o presidente máis desleal e antigalego da historia. E dicimos ben, desleal e antigalego, porque as decisións do Rueda, hoxe ausente, e do Partido Popular van en contra dos intereses da maioría social deste país.



Vímolo na sesión do mércores, convertido no mellor que sabe facer: de comercial de Altri, de portavoz do *lobby* eléctrico e de representante, agora xa, da megaminería contaminante no noso país. Un presidente da Xunta que vende a prezo de saldo Galiza, e as consecuencias do seu servilismo, e sobre todo da deslealdade do Partido Popular a Galiza, quen as paga son as galegas e os galegos. As súas políticas fan que perda este país; que Galiza perda cando ten todo para gañar. (*Aplausos.*) Hoxe o BNG trae corenta propostas para todo o contrario: para que Galiza gañe. Debullareinas en tres ámbitos específicos, en tres grandes bloques: o social, o económico e o político.

En primeiro lugar, propomos unha batería de medidas para garantir o dereito das galegas e dos galegos á saúde, a unha vellez digna e, por suposto, á igualdade. Fíxense, vostedes levan dezaseis anos facendo saltar polos aires o dereito a unha atención sanitaria de calidade, de proximidade e accesible.

Queren facerlle crer á xente deste país que é unha sorte de praga bíblica que non teñan médicos no seu centro de saúde, que haxa 11.000 nenas e nenos que non teñan pediatra ou que 358.000 persoas —¡que logo se di, 358.000 persoas!— sigan agardando nunha lista de espera por unha cita no especialista, unha operación ou unha proba diagnóstica. 358.000 persoas con nomes e apelidos; que se saiban, porque o Partido Popular oculta as listas reais das listas de espera hospitalarias, porque para vostedes mellor que solucionar o problema é metelo debaixo da alfombra a ver se non se ve. (*Aplausos.*)

No BNG temos claro que a xente deste país merece unha sanidade pública de calidade, unha sanidade onde non haxa que esperar doce meses, todo un ano, pola primeira cita no psicólogo, e que te vexan dúas veces non dependa de ter setenta euros para pagalo na privada.

Aí fora, señorías do Partido Popular, a propaganda que vostedes gastan non tapa a deterioración que causan as súas políticas no sistema sanitario deste país. Por iso, dende o BNG poñemos enriba da mesa un plan de rescate para a atención primaria que reverta os seus recortes, que sitúe o orzamento da atención primaria no 25 por cento do investimento do Sergas, que coide con boas condicións laborais a quen nos coida e que garanta a introdución de cen psicólogas e psicólogos clínicos nos centros de saúde, cun investimento anual de 5 millóns de euros. Medidas concretas e serias, e non propaganda, para garantir o dereito á saúde das galegas e dos galegos.

Pero neste país non hai só milleiros de persoas agardando por que os vexa un médico. Hai miles de persoas esperando pola dependencia, listas de espera e tempos de tramitación, que non deixan de medrar. De novo, a súa propaganda non serve para resolver os problemas das galegas e dos galegos. Onte mesmo saían publicados os últimos datos do Imsero: en Galiza hai 2.874 persoas agardando pola resolución do grao da dependencia, polo plan individualizado da atención ou, sobre todo, na súa maioría, esperando pola prestación ou servizo ao que teñen dereito recoñecido por lei. Máis que en febreiro, máis que en decembro, máis que en outubro do ano 2024. ¿Onde están os brillantes resultados da propaganda do Partido Popular, que nos dicían que á xente deste país se lle ía resolver a dependencia en seis meses, cando teñen a xente esperando por ela máis dun ano? Trescentos noventa e tres días no último dato, e subindo.



Propaganda, propaganda e máis quilos de propaganda, que non tapan a política privatizadora do Partido Popular, que promove o negocio dun puñado de empresas coa vellez e devolver os coidados ao lombo das mulleres, cada vez máis precarias. Aí están as traballadoras das residencias privadas en folga, na defensa dunhas condicións laborais dignas e de salarios que non sexan de miseria. Doce mil mulleres, oito mil delas traballando para centros subvencionados e regados con cartos públicos pola Xunta do Partido Popular, que cobran menos do salario mínimo interprofesional por coidar o teu pai, o teu avó, a túa nai ou a túa irmá. Máis de cen millóns regados desde as arcas da Xunta de Galiza para soste o negocio desas empresas, que despois manteñen esas traballadoras nunhas condicións de absoluta precariedade laboral. Agora anuncian 24 residencias de maiores máis; supoñemos que para seguir privatizando como as da Fundación Amancio Ortega segundo lles entran, porque llelas entregan e xa fan negocio con elas con empresas privadas. *(Aplausos.)*

Negocio coa vellez e devolver os coidados ás casas por menos do que vale unha Risga. Ese é o plan do Partido Popular en materia de coidados. Esa é a igualdade da que fala o Partido Popular: que as mulleres asuman, outra vez, o traballo que non fai o seu goberno. É indigno e indecente que se vanaglorien e aínda lle fagan pasear, para maior gloria do presidente —hoxe ausente—. Mulleres que teñen que deixar de traballar, que teñen que abandonar a súa carreira profesional para facer de coidadoras das súas nais na casa, facendo e asumindo o traballo que non fai o seu goberno. *(Aplausos.)*

Para o BNG, a vellez é un dereito e, os coidados, un servizo público. Por iso defendemos a creación dun servizo galego do benestar, un Sergas dos servizos sociais que garanta o dereito das galegas e os galegos a vivir os últimos anos das nosas vidas coa tranquilidade de saber que vas estar ben atendida, independentemente de cal sexa a túa situación familiar ou económica. Poder envellecer na nosa casa, se esa é a nosa vontade, contando cos apoios precisos e, sobre todo, cun servizo de axuda a domicilio á altura do que merecen, no que non se dean —jsi!— altas por baixas. Na inmensa maioría dos concellos deste país unha persoa ten que esperar a que morra un veciño para que entre no servizo de axuda no fogar.

Denunciábo a portavoz nacional neste Parlamento na sesión do mércores e alterábase o presidente —hoxe ausente— da Xunta de Galiza. Pois non llelo vou dicir eu; vailles responder unha alcaldesa súa, do Partido Popular, de Folgoso do Courel, multada pola Xunta de Galiza por non usar as supostas horas libres que teñen os concellos para atender máis persoas porque é incapaz de soste economicamente un servizo que o Partido Popular ten en mans dos concellos absolutamente afogados e absolutamente colapsados. *(Aplausos.)*

A proposta do BNG é rescatar o SAF, rescatar as 25.000 persoas usuarias hoxe, as que veñan detrás e poidan facer uso del, rescatar os concellos e, sobre todo, as traballadoras do servizo de atención e axuda ao domicilio, garantindo un financiamento xusto do conxunto do sistema de axuda e atención á dependencia. Pero, de novo, non con propaganda; non como leva facendo o Partido Popular estes anos. Non enredando a Fegamp con eternas negociacións que nunca chegan a nada, senón con medidas concretas e realistas, como incrementar antes do 1 de xaneiro de 2026 a aportación ao financiamento do SAF por parte da Xunta ata os 20 euros a hora. Garantir vidas dignas para todas as persoas, sexa cal sexa o seu concello, sexa cal sexa a súa situación económica e tamén sexa cal sexa a súa idade.



Tamén para a xente moza deste país. No día de hoxe en Galicia catro de cada dez persoas entre 30 e 34 anos non poden emanciparse en Galiza. O 84 por cento, se falamos de poboación entre 16 e 30 anos. Temos a taxa de emancipación xuvenil entre os 30 e 34 anos máis baixa de todo o Estado. Ollo, 30 a 34 anos; non xente que pode seguir na universidade. Non, de 30 a 34 anos. Tes que destinar hoxe, se tes entre 16 e 29 anos, o 75 por cento do que cobras para pagar o alugueiro. O 60 por cento, se falamos das persoas entre 30 e 34 anos. Unha persoa hoxe que sexa moza na cidade de Vigo ou na cidade da Coruña ten que destinar practicamente todo o que ingresa no seu salario cada mes para ter un teito debaixo do que meterse. Tes que destinar practicamente todos os ingresos que percibes para poder garantir o dereito a unha vivenda.

E, diante desta situación, que absolutamente o que nos di é que hai unha crise e unha emergencia habitacional que está xerando unha enorme frustración e unha enorme fatiga entre as xeracións máis novas do noso país, como é lóxico, ¿cal é a proposta do Partido Popular? Paralizar a política social de vivenda dezaseis anos, anunciarnos agora que van facer en catro anos o que non fixeron en oito e dicirnos, de guinda, que a grande aposta do Partido Popular para a emancipación da xente nova é que te emancipes con máis de trinta anos para meterte en pisos de trinta metros cadrados en espazos compartidos, como grande alternativa á emancipación da xuventude galega. *La vanguardia europea: emancípese metiéndose en un hostel*. Señorías, vaian vivir vostedes a un piso de trinta metros cadrados coma unha lata de sardiñas se queren. A mocidade galega ten dereito a iniciar un proxecto de vida digno nun piso decente. *(Aplausos.)*

Por iso, desde o BNG propoñemos mobilizar 16.000 vivendas novas para incorporar ao parque público en dúas lexislaturas, impulsando non só a construción de vivenda pública que vostedes paralizaron durante dezaseis anos, senón comprando vivenda, impulsando a compra pública; facendo valer as ferramentas das que dispón a Administración, como o dereito de adquisición preferente en determinadas zonas ou o exercicio efectivo deste dereito nas transmisións de vivenda protexida. Propostas útiles para garantir o dereito da mocidade a unha vivenda en condicións dignas.

Corenta propostas de resolución —dicía ao comezo— as que defende e presenta hoxe o BNG para unir o país ao redor do importante, tamén no plano económico. Galiza ten todo por gañar, se non fose pola política desleal e antigalega do Partido Popular de Rueda —ausente— que vende a prezo de saldo o país.

Neste Debate do estado da nación vimos, ao longo da sesión do mércores, cal é a única proposta que lles ofrece o Partido Popular ás galegas e aos galegos. Vímolo da man dun Rueda facendo o que mellor se lle dá: de comercial dos intereses das empresas, representante do lobby enerxético, o gran valedor de Altri e tamén portavoz da megaminería contaminante que quere abrir en canal o noso país. A vostedes, señorías do Partido Popular, as galegas e os galegos non os votaron para vender este país a cachos, para poñer os recursos naturais de Galiza ao servizo dun puñado de empresas. Fronte ao espolio e á rapina que propón e promove o Partido Popular, a proposta do Bloque Nacionalista Galego é clara: poñer a riqueza de Galiza ao servizo das galegas e dos galegos.

Se falamos de riqueza, de industria e de futuro, o primeiro que ten que facer o Partido Popular é deixar de apoiar a implantación desa bomba ambiental que Altri e que Greenalia que-



ren instalar no corazón de Galiza. Deixen de facer de comerciais de Altri e apoien a proposta do Bloque Nacionalista Galego para traballar na defensa do sector agrogandeiro, do sector marisqueiro e do sector pesqueiro deste país. Son o río Ulla e a ría de Arousa e toda a xente, sobre todo, que vive ao redor destes espazos os verdadeiros proxectos estratéxicos que ten este país. Aí está o emprego e a riqueza, señorías: na xente que traballa arreo, que impulsou con enorme esforzo empresas punteiras e proxectos vangardistas que xeran milleiros de postos de traballo —eses si— e unha enorme riqueza sen destruír o territorio. Máis ao contrario, que o coidan, porque lles vai a vida nel. Proxectos de vida e de traballo que pon en risco un complexo industrial como o que Altri, como o que Greenalia e como o que o Partido Popular queren poñer en Palas de Rei, en contra de todo e en contra de todos. En contra da xente, do criterio científico, da sustentabilidade e en contra do interese xeral deste país. *(Aplausos.)*

Deixen de impoñer o franquismo industrial da celulosa e defendan, como defende o BNG, a aposta firme pola ciencia, polo coñecemento, como sector estratéxico de vangarda e de futuro. Deixen de promover a eucaliptización do monte e apoien a iniciativa do BNG para ampliar a moratoria do eucalipto como mínimo até o 2030. Cada vez hai máis voces, máis amplas e máis diversas mandándolle un sinal de alerta ao Goberno do Partido Popular e pedindo que free o avance do monocultivo do eucalipto, que xa triplica as previsións dos últimos anos. *(Aplausos.)*

Porque, señorías, o debate non é «industria de Altri, si, ou miseria». Esta é outra das grandes mentiras da fábrica de mentiras e propaganda do Partido Popular. Non vivimos no século pasado —non sei, igual algún aterrou onte—. Non estamos nin no XX nin no XIX. Non están diante dun país, señorías, nin dun pobo que ten que tragar co que vostedes digan, baixando a cabeza e dicindo «si, bwana» a toda a política de espolio e de depredación que nos trae o Partido Popular. Somos cidadás e cidadáns libres; non servos, señorías. A vida real non son eses espectáculos que vostedes se montan —cos cartos, iso si, das galegas e dos galegos— para alimentar egos desmedidos, facéndolle pasar á xente por diante para que lles agradezan dereitos coma se fosen esmolos. As galegas e os galegos non aceptamos ese «Ruedafeudalismo» no que a xente ten que ir darlle as grazas ao gran líder polos favores que reparte. Vostedes non queren dereitos, vostedes queren caridade; vostedes non queren cidadáns libres, queren servos. *(Aplausos.)* Pero teño unha mala noticia: o pobo galego é un pobo digno, non vasalo.

As galegas e galegos poden ter claro que hai alternativa á rapina e ao espolio que defende e promove o Partido Popular. Hai un modelo de desenvolvemento industrial que é compatible coa protección do medio e do territorio, coa loita tan importante contra a emerxencia climática, a través de medidas, como as que propón e defende neste Debate do estado da nación o BNG.

Propostas novidosas, como a creación dun fondo público soberano que invista no país en sectores estratéxicos a través da creación dunha empresa pública de enerxía que poña toda esa potencia eléctrica que ten o noso país ao servizo do desenvolvemento das galegas e dos galegos. A través do impulso dunha minaría que, lonxe de afondar nesa política de depredación extrativista, estea baseada no interese público dos minerais estratéxicos que existen



no noso país, no peche de ciclos produtivos, na xeración de valor engadido e na reciclaxe —tan importante— de residuos a través do impulso da minaría urbana.

E por último, señorías, no BNG formulamos un conxunto de propostas dirixidas a avanzar, tamén, nun novo status político para o noso país. Dicia Castelao —agora que tanto se lembra todo o mundo del—: «Nós queremos ditar leis para gobernarnos por elas, sen inxerencias alleas. A liberdade é a única reserva coa que contan os pobos para crearen o seu futuro». Hoxe o BNG defendemos dotar o noso país de máis ferramentas políticas, para poder mellorar as condicións de vida das galegas e dos galegos; das que estamos hoxe e, sobre todo, pensando nas que veñen detrás. Ter capacidade para decidir sobre todos os ámbitos da nosa vida, sobre todos os asuntos que nos afectan, sobre o noso día a día: desde a ordenación do tráfico, a recadación das multas, a actividade económica e industrial do noso país; desde a xestión de infraestruturas estratéxicas —a AP-9—, ferroviarias —que algúns nin temos—; ou a homologación de títulos e a formación de médicos.

Propomos hoxe desde o BNG impulsar un novo status político para o noso país que recoñeza Galiza como o que é: como unha nación sen complexos e sen límites; non como un *slogan* baleiro ou como unha palabra oca, senón como a caixa de ferramentas necesaria para avanzar nun maior desenvolvemento económico, social, cultural e humano no noso país. Para iso, propomos dar colectivamente un paso adiante, e facelo xuntas e xuntos nunha ponencia específica dentro deste Parlamento, que elabore unha proposta política coa que facer avanzar Galiza partindo do dereito fundamental do pobo galego a decidir por si mesmo sen máis límite que a propia vontade. E, mentres iso chega, convocar a Comisión Mixta de Transferencias para reclamar todas aquelas que xa están hoxe previstas no Estatuto de 1981, permitindo que tantos anos máis tarde poida ser desenvolvido de maneira completa e integral.

Señorías, neste ano Castelao non hai mellor homenaxe para facer a toda esa xeración irrepetible que nos trouxo até aquí que avanzar no recoñecemento dos dereitos nacionais de Galiza polo que tanto pelexaron todas esas mulleres e homes, mesmo dando moitas delas a vida por isto. (*Aplausos.*)

Pero máis capacidade de decisión política exige tamén maior capacidade de decisión económica. Por iso, propomos que se negocie un sistema de financiamento novo para o noso país baseado no modelo de concerto. Un sistema de financiamento que lles dea ás galegas e aos galegos a chave dos seus cartos e capacidade para decidir en todas as materias de recadación e imposición. Un sistema de financiamento que sexa realmente xusto para Galiza e que permita soste, con todas as garantías, os servizos públicos deste país.

Unha Galiza máis dona de si, que garanta a pervivencia do principal símbolo de identidade que temos como pobo, o maior legado que nos deron as nosas nais e as nosas avoas, pero, sobre todo, o maior legado que podemos darlles nosoutras ás nosas fillas. No BNG non imos resignarnos a ver como a lingua propia deste país vai perdendo falantes por decreto do Partido Popular. Rexeitamos con absoluta contundencia as políticas antigalegas que impuxeron e que nos trouxeron até onde estamos, que son responsables da situación lingüística que temos hoxe no noso país. Desde que o Partido Popular —fíxense— impuxo o decreto anti-galego no ensino, os nenos e nenas menores hoxe de quince anos que estiveron matriculadas



e matriculados no sistema educativo público deste país din non saber falar a súa lingua, a lingua propia do seu país, o galego. Non é que non a usen; é que recoñecen que non saben falala. ¿Como vas usar aquilo do que non tes nin idea? ¿Como vas usar aquilo que descoñeces? Tendémoslles a man, señorías, non só aos grupos parlamentarios; tendemos a man á xente deste país a favor do galego, para que siga sendo unha lingua viva e con futuro. Mais, para iso, é indispensable derrogar o decreto da vergoña, acordando un novo que garanta realmente o uso do galego como vehicular no ensino. *(Aplausos.)* Só así a escola deixará de ser —como denuncian a Academia Galega, o Consello da Cultura ou o Consello de Europa— un axente desgaleguizador para ser o que sempre debeu ser, que é un grande axente de normalización da nosa lingua.

E, por último, unha Galiza mellor exige unha democracia de calidade e á altura do que merecen as galegas e os galegos. O concepto de democracia que manexa o Partido Popular xa o vimos neste Debate do estado da nación e podemos velo aquí en cada sesión do Parlamento: ningún argumento. Porque, señorías, cando alguén lle ten tanto medo á alternativa política como o Partido Popular ten ao Bloque Nacionalista Galego e, sobre todo, cando alguén lle ten tanto medo a quen lidera a oposición, o único que lles queda é recorrer ao ruído e ao insulto. Mais ao BNG nin os insultos nin o ruído van desviarnos da nosa enorme responsabilidade como primeira forza da oposición e, sobre todo, como principal alternativa de goberno neste país. *(Aplausos.)*

En definitiva —e remato, señorías—, presentamos e ofrecemos ao conxunto da Cámara corenta propostas para unir as galegas e os galegos ao redor do que máis importa: que son elas, que son eles, as súas vidas e o conxunto deste país. Corenta propostas ambiciosas para mellorar as súas condicións de vida, para darlles máis oportunidades de futuro, para que teñamos todas e todos máis e mellores ferramentas para enfrontar os retos que temos por diante. Corenta propostas que hoxe trae aquí o BNG para que Galiza e, sobre todo, as xeracións que estamos hoxe e as que veñan detrás teñamos unha vida máis digna de ser vivida.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Coincidirán comigo en que este Debate sobre o estado da Autonomía, máis alá de ser un exemplo da estabilidade política e da normalidade democrática da que gozamos en Galicia, é un debate que transcende o tempo. Porque, no seu propósito de facer un diagnóstico da Galicia de hoxe, faino repasando o camiño percorrido ata chegar ata aquí, marcando os propósitos que deben guiar os pasos que nos quedan por dar e, sobre todo, poñendo a vista na nosa meta: a Galicia do mañá.



Estamos, polo tanto, ante un debate de balance, de propostas e de futuro. Un debate de balance, porque hai pouco máis dun ano, a poucos metros do lugar onde repousa o legado da nosa identidade como pobo, Alfonso Rueda asumiu o mandato que lle encomendaron os galegos e as galegas de ser presidente da Xunta. *(Aplausos.)* Facíao non só coa ilusión e as ganas de facer as cousas ben, senón tamén coa responsabilidade de gobernar con todos e para todos. E facíao ademais con algo que, como el mesmo comprometeu entón ao longo de todo o ano, é fundamental: a fidelidade á palabra dada. Iso foi o que prometeu aos galegos e ás galegas se depositaban nel a súa confianza, e iso foi o que fixo logo de obter esa confianza nas urnas: cumprir a palabra dada e gobernar dende o minuto 1.

Por iso, coa satisfacción do traballo ben feito, doce meses despois podemos dicir que Galicia goberna. *(Aplausos.)* Galicia goberna unha sanidade pública universal e referente en Europa. Señora Espinosa, a ver cando se entera de que houbo unha pandemia. Estaría ben que o valorase dentro de toda esa análise que vostede fai. E tamén que dende 2018 goberna Pedro Sánchez en España. E, home, algunha responsabilidade tamén terá. Non dá encontrado un ministro que llo resolva, pero el inténtao cada vez que pode.

Mire, vou dicir que os datos que manda a Consellería de Sanidade, sinceramente... Se vostede di iso, despois de lernos aquí todos os periódicos internacionais que poñen polas nubes a economía do Goberno de España, cando os datos que dá precisamente o Goberno de España en materia económica deixan bastante que desexar... Pero o seu relato en materia sanitaria non entende nin de datos, nin de estatística nin de feitos. Levan anos instalados na negación, no catastrofismo e nos mantras, e non hai quen os saque de aí.

Claro que a sanidade pública galega é mellorable. Recoñeceuno o presidente no seu discurso e dicímolo sempre: claro que é mellorable. Pero, home, niso estamos traballando. Cada día póñense en marcha medidas para melloralas. Pero en nada contribúe a melloralas o feito de que vostedes poñan o foco só no negativo e que estean dispostos a danar cada día a imaxe e a cuestionar a profesionalidade dos nosos sanitarios só por non danar o seu relato.

Dicía a señora Rodil que propoñen unha sanidade na que non faga falta a tarxeta de crédito. Mire, para non falar en nome do Partido Popular e para que non digan que é propaganda do Partido Popular, recoméndolles que lean unha carta que escribiu un paciente no *Faro de Vigo* que dicía isto: «*Mi caso creo que es representativo y otros muchos lo van a respaldar. Quiero agradecer a todo el servicio de profesionales del Hospital Álvaro Cunqueiro, en especial a la hematóloga que hace unos días me dijo que parece que superé el cáncer, y a la doctora que acertó con la medicación, pues era especial al no tener estómago. En realidad, todos son especiales: médicos, enfermeras, administración, limpieza, los empleados de la comida. En fin, si estuviera en los Estados Unidos no me llegaría la casa para pagar. Y esta es la realidad que hay, que nos envidian en todo el mundo. Hay que arreglar muchas cosas, sí, pero cuando te encuentran algo grave, la atención es preferente*». *(Aplausos.)* En efecto, señorías, en Galicia hai que arranxar moitas cousas, pero tamén temos moito do que presumir.

E, señora Rodil, a media da lista cirúrxica en España é de 121 e en Galicia, de 67. A vostedes os datos como lles dan igual... Porque, claro, vostede vén aquí con datos de concellos... ¿Por que non nos da os datos do Concello de Santiago, por exemplo? *(A señora Prado del Río amosa unha*



fotografía.) Mire, esta é unha foto dunha serie de pancartas que acabaron no chan o día 8 de marzo na manifestación de Santiago. ¿Sabe que poñía aquí sobre o Centro de Información á Muller? Que tardan dous meses en darlles cita ás mulleres que van cunha denuncia, que non teñen psicólogos. E, en servizos sociais, outro tanto do mesmo. Eses servizos sociais dos que vostede fala. ¡Ah!, non hai cartos para contratar psicólogas no Concello de Santiago nin tampouco para mellorar os servizos sociais. ¿Sabe para que hai cartos? Para contratar a policía do lixo. Para iso si, para multar os composteláns que non reciclan ben o lixo e vanlles mirar as bolsas do lixo a ver se meten unha cousa ou outra. (Aplausos.) ¿Señora Rodil, a quen queren enganar?

Dicía que Galicia goberna. Galicia goberna co sistema educativo máis igualitario de España, o único que garante que calquera persoa, con independencia da súa procedencia ou das súas posibilidades, poida formarse de xeito gratuíto dende a etapa infantil ata a universidade.

Galicia goberna con medidas para facer fronte ao reto de acceso á vivenda, incrementando a oferta pública, favorecendo a ampliación da oferta privada e facilitando a emancipación da nosa mocidade. O problema da vivenda non se soluciona poñéndose detrás dunha pancarta nin prometendo, señora Espinosa, miles de vivendas que nunca se constrúen. O problema da vivenda soluciónase actuando con feitos. E ninguén pode cuestionar o impulso que está a dar o Goberno á construción de vivenda pública en Galicia. Semana tras semana, o Consello da Xunta aproba un novo acordo para impulsar novas vivendas, e os resultados están aí. Un ano despois das eleccións, o Goberno galego xa ten en marcha, en diferentes fases, máis de dúas mil vivendas públicas.

E máis que podería facer, se non se atopase con trabas nos concellos onde vostedes gobernan, señora Espinosa. De feito, eu pídolles, se tan preocupados están polo problema da vivenda, que falen cos seus alcaldes e alcaldesas para que axilicen a cesión de terreos. Mire, por poñerlles algún exemplo. En Vilagarcía o alcalde socialista, Alberto Varela, tardou cinco meses en dar resposta á solicitude da Xunta dunha parcela para construír vivenda pública na cidade. E, como debe ir sobrado, tamén renunciou a financiar proxectos de vivenda social con cargo aos fondos europeos EDUSI. En Vigo a piques estiveron de perder máis dun millón de euros de fondos europeos para a construción de 27 vivendas públicas, señora Espinosa. Iso coñéceo vostede ben. E só porque o Concello se negaba a asinar un convenio coa Xunta, señorías. Outro tanto en Santiago, señora Rodil, onde a Xunta aínda segue esperando a que o Goberno do BNG ceda as dúas parcelas que en xuño do ano pasado anunciou que ofrecería. Por non falar de que tanto reclaman a declaración de zona tensionada, amparándose na Lei estatal de vivenda, pero logo fan o contrario do que din. Porque unha das medidas recollidas nesta lei é a de destinar solo municipal á construción de vivenda social. E, en vez de facelo, ¿que fixo o Concello de Santiago? Vender cinco parcelas de solo para recadar seis millóns de euros. Esa é a política de vivenda do Bloque Nacionalista Galego. (Aplausos.)

Falando da Galicia que goberna, Galicia goberna con políticas que non deixan ninguén atrás e coidan todos os galegos, dende os que están máis aló das nosas fronteiras ata os maiores e dependentes.

E, por último, aínda que non menos importante, Galicia goberna consolidando os nosos sectores produtivos nos postos de liderado nacional en termos de produción e exportación.



Todo isto púxose de manifesto nun acto celebrado a pasada semana, precisamente para facer balance deste primeiro ano de lexislatura. Un acto que, por certo, parece que non foi do agrado dos partidos da oposición. De feito, non tardaron en pretender ridiculizalo e non falan pouco del neste debate, a verdade é que debémolo facer ben. Eles cualifícanos de propaganda e afirman que non había nada que festexar. Ben, eu persoalmente non me atrevería a dicir se é moito ou pouco o que Galicia pode festexar neste primeiro ano de lexislatura, pero si que me atrevo a recomendarlles que menos consultar o histórico NODO e máis falar cos galegos.

Falen coas familias dos estudantes que aforraron o custo da matrícula universitaria. Falen coas persoas que coidan os dependentes na súa casa, e queren facelo, señora Rodil. Ninguén as obriga, ninguén as obriga. Hai xente que leva anos coidando os seus familiares. (*Murmurios.*) Si, señora Rodil, si. Isto non é caridade, por moito que vostedes queiran dicir iso. (*Aplausos.*) E, por primeira vez, reciben unha axuda da Administración. Falen cos máis de cinco mil mozos e mozas que se beneficiaron das axudas de acceso á vivenda ou con todos aqueles galegos que viven en vivendas públicas ou que reciben o Bono de Alugueiro. Falen coas persoas enfermas de cancro ás que os cribados do Sergas lles permitiron un diagnóstico precoz da enfermidade. E pregúntenlles, de paso, que opinan de que Galicia vaia ser a primeira comunidade autónoma en contar cun centro de protonterapia.

Eu convídoos a falar con todos eles, porque a xente que non berra consignas tamén ten cousas que dicir. De feito, se os escoitasen e falasen con eles, probablemente comprenderían por unha vez por que Alfonso Rueda é o presidente da Xunta e gañou as eleccións con maioría absoluta e vostedes seguen, lexislatura tras lexislatura, liderando a oposición, unhas veces aí outras veces aí. (*Aplausos.*)

Pero eu sei que vostedes non o van facer. E ¿por que? Porque vostedes son os herdeiros das Mareas de Podemos. ¿Lembran aqueles deputados...? Si, teñen algunha nas súas filas, jeh! (*Murmurios.*) E vostede o primeiro, tamén. É que, ¡vamos!, é que o primeiro que estaba en Anova é o primeiro que ri. Ben, está ben a cousa. (*Aplausos.*) Pero ben, os reconvertidos son despois os que máis fe teñen. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu lembro aquel deputado das Mareas de Podemos, Miguel Anxo Fernán-Vello, cando dicía que os galegos eran un pobo alienado e ignorante por votar o Partido Popular. Vostedes son os do partido fundado polo señor Beiras —e que agora volveu á casa tamén—, quen definía aquelas cidades onde non gañaba eleccións como «depósitos de restos humanos en descomposición». ¿Lembran, señorías? E tamén son os do partido de Tezanos, que aínda pensa que Alfonso Rueda gañou as eleccións grazas ás monxiñas e ás axudas das mariscadoras.

¿Señorías, tan parvos cren que son os galegos como para apoiar as medidas dun goberno, se non fosen boas? ¿Tan fácil cren que é manipular a xente para que vaia enganada a un acto? Por sorte, xa hai tempo que en Galicia se deixou atrás aquela época do Bipartito na que o Bloque levaba os pensionistas enganados, dicíndolles que ían a unha excursión a Portugal e os metía nun mitin de Anxo Quintana. (*Aplausos.*) Eses tempos remataron, señorías, eses tempos remataron.



Ao final todo se reduce en dous modelos: a Galicia que goberna e a Galicia que bloquea. A Galicia que goberna con sentidiño, con exixencia, con rigor, con estabilidade e con identidade propia, que este Grupo e o Executivo que apoia ofrecemos aos galegos. Ou a Galicia que bloquea con ruído, con división, con confrontación e con visións curtopracistas que os partidos da oposición pretenden impoñernos. Os galegos e galegas xa faláron claro, elixindo maioritariamente o modelo que querían para Galicia, pero vostedes seguen sen asumir ese resultado. E por iso agora pretenden responder co «non» á Galicia a todos aqueles que dixeron «non» nas urnas a vostedes, señorías.

E sirva como exemplo desa política de confrontación, de bloqueo e de curtopracismo a vanganza política que o BNG e o PSOE están a consumir, tomando o proxecto de Altri como cabeza de turco. Veñen aquí disfrazalo. Un proxecto que os mesmos que no seu día o apoiaban —porque vostedes apoiábano, señorías— agora din que é unha gran mentira, que se cambiou sobre a marcha, que non o queren en Portugal, que foi deliberadamente ocultado... Chegaron a dicir incluso que era o resultado dunha conspiración secreta, pouco menos que xudeu-masónica, entre a Xunta e a empresa.

Todos e cada un dos disparates manifestados pola oposición para xustificar o seu cambio de opinión sobre Altri despois das eleccións caen como un castelo de naipes só tirando de hemeroteca, señorías. No referido aos supostos argumentos que engloban o concepto de bomba ambiental, xa non vou nin entrar. Eu imaxino os do Bloque cada vez que queren montar unha algarada destas alí na sede: «¿Que dicimos? Megamina, macrocelulosa, tsunami eólico, invasión dos eólicos...» A ver quen gaña, ¿non? Chuvia de ideas. E, despois, ¿como era? «Rapina, espolio...» Ben, todo ese dicionario benegués que xa coñecen perfectamente. *(Aplausos.)* Señorías, a estas alturas ninguén cre que en pleno século XXI, coa lexislación vixente, tanto autonómica, como estatal, como europea, ningún goberno vaia ser quen de poñer en marcha, ou darlle licenza ou darlle os informes positivos a un proxecto que contamine unha ría, un río, unha comarca e toda Galicia. ¡Toda Galicia, con esa bomba ambiental, señorías!

Miren, ¿saben que? A crítica é tan esaxerada, tan manipulada, que se descobre por si mesma. Vostedes saben que non é verdade. Vostedes sábeno, pero dá igual. Miren, chegaron ata o delirio de dicir que o Papa Francisco —en paz descansa— estaba considerando a excomunión dos responsables de Altri, do presidente Rueda e ata de Pedro Sánchez se ao final lle concedía os fondos europeos ao proxecto.

Ben, este tipo de cousas sorprenden menos cando unha analiza a composición do comité de expertos do BNG que avaliou o proxecto de Altri. Imos ver, por unha banda temos a portavoz de pesca do BNG, a señora Rosana Pérez, que na mesma intervención nesta Cámara é capaz de recoñecer a valía profesional dos técnicos do Intecmar e acto seguido cuestionar os informes que estes mesmos técnicos aportan á declaración de impacto ambiental de Altri. Está gravado. Está gravado, pode velo na mediateca sen ningún problema. Por outro temos a señora Rodil, que é licenciada en publicidade, ela sabe perfectamente e é, ademais, boa comunicadora e relacións públicas. Iso si, Récor Guinness en rapidez e en lectura de documentación: 17 días para ler 8.500 folios. Eu botei as contas: calculando oito horas diarias de lectura, sen parar a comer nin a nada máis, e sae a máis dun folio por minuto, señorías, máis dun folio por minuto.



Pero temos máis, temos máis. Miren, procedente da rama da comunicación temos este señor (*A señora Prado del Río amosa un libro.*) —comprei o libro, dáme mágoa darlle a gañar, pero había que lelo—: Xosé de Cea, comunicador, escritor, recoñecido polos seus méritos como profesor de xadrez e oleiro. O libro *O que estou a dicir cando digo «Altri non»* recomendárono no Instituto de Melide como lectura obrigatoria. Menos mal que hai alguén alí que ten dous dedos de fronte e dixo que non. Imos ver como comeza este libro marabilloso. Di así: «Coñezo de sobra todos os argumentos racionais que fan do proxecto Gama unha monstruosidade, porque traballo coa plataforma Ulloa Viva —desa tamén falaremos, porque tamén está no Comité de expertos—. Na medida das miñas posibilidades, na oposición ao seu desenvolvemento eu fago decote redactando boletíns, guións, panfletos —non sei se isto entra dentro de libro ou panfleto— etcétera, onde difundimos a información que avala a nosa loita». E aquí vén o interesante: «Pero, dende o comezo, dende queouben que os promotores da iniciativa escolleran a chaira da Madanela á altura de Remonde para executar os seus plans, antes mesmo de que puidese coñecer calquera argumentación científica que xustificase a miña carraxe, unha dínamo visceral comezou a arrolar nos meus adentros, imbuíndome dunha enerxía que me arrastraba inevitablemente cara á confrontación». Este é o resumo; hai moitas máis perlas, pero non teño tempo. Pódenlle dar a gañar algún euro, que igual vai ben porque agora están pedindo cartos para a defensa xurídica desta historia. (*Aplausos.*) Señorías, este señor, que é un dos ideólogos e dos que participan nos escritos tan sesudos que fan dende Ulloa Viva, forma, xunto con Ulloa Viva, parte do comité de expertos.

¿E que é Ulloa Viva? Pois é unha plataforma especializada na manipulación e fiel á máxima «*si no te gustan mis principios, le ponemos una chimenea*». (*A señora Prado del Río amosa dúas fotos, unha delas cunha cheminea ao fondo e outra sen ela.*) Entón, imos a Portugal ver a fábrica de Altri en Portugal, pero, como estamos dicindo en Galicia que vai ter unhas chimeneas que van botar un gas que nos vai contaminar a todos, poñémoslle aquí unha chimeneas e todo queda na casa. (*Aplausos.*)

E tamén, ¿a quen temos? Pois temos a Greenpeace. Greenpeace, que é unha ONG condenada nos Estados Unidos por organizar campañas de violencia e de difamación. Iso non é ecoloxismo, é manipulación social con fins ideolóxicos. E, ¿quen non pode faltar neste comité de expertos? Luis Zahera, actor e gañador de dous premios Goya e nominado a un Goya máis polo seu traballo en «*Mi tierra, Galicia, está en peligro*».

Señorías, resulta que o que digan todos estes ecoinfluencers ten que valer máis que 34 informes elaborados por 42 técnicos independentes da Xunta. Ver para crer. (*Aplausos.*) Un comité de expertos cunha receita infalible: medio dato, un slogan de pancarta e toneladas de alarmismo apocalíptico; unha bomba ambiental dunha macrocelulosa —sen rastro de hipórbolo— que ameaza con converter Galicia en Mordor. Oito mil cincocentos folios que len a un folio por minuto. ¿Lectura crítica contra este técnico? Non fai falta, que para iso está o instinto salvador do planeta. Troitas que se converten en pirañas... Ou o mellor é cando din que Altri quere roubar a auga do río Ulla. Xa antes falaban de que en Alúmina tamén quería roubar os recursos e Meirama... Isto de que lle rouben os recursos a Galicia é algo recorrente. Coma se estivésemos ante unha película de vaqueiros e non ante un proceso que require concesións legais, estudos hidrolóxicos e autorización ambiental integrada. Claro, é máis sinxelo facer campañas virais que ler a normativa hidráulica.



¿E o *lyocell*? Esa fibra biodegradable que substitúe plásticos, impulsando unha industria téxtil sostible e pechando o círculo da madeira. Nin a mencionan. ¿Para que recoñecer un avance ecolóxico, se non o idearon eles ou, se non van ser eles os que gobernen Galicia? Porque o problema é que o 18 de febreiro perderon as eleccións e, como eles non gobernan Galicia, non queren que Galicia prospere. (Aplausos.)

Ese comité de expertos traballa nunha burbulla ideolóxica onde o progreso sostible só é válido se asina unha cooperativa de permacultura con *wifi* solar. Iso si, nada de eólicos. Bueno, agora creo que de «eólicos non» agora pasaron a «eólicos, así, non». A ver se algún día chegamos a «eólicos si».

Señora Rodil, que tanto está agora en contra dos eucaliptos e vén aquí vostede con isto, explíquenos por que o Bloque Nacionalista Galego votou en contra da moratoria dos eucaliptos e do Plan forestal que poñía a moratoria aos eucaliptos. Explíquelles aos seus compañeiros, aos seus votantes e a toda esa parroquia para a que lanzan todos eses bulos día si e día tamén. (Aplausos.)

Miren, un dos bulos que din para intentar xustificar a súa postura é o de que o proxecto cambiou. ¿O proxecto cambiou? Supoño que a vostedes os teño por xente informada, documentada e que le a prensa todos os días. E hai moita prensa onde se dicían todas estas cousas. 10 de marzo de 2022: «*La compañía plantea un proyecto que tendrá como materia prima el eucalipto y constará de dos centros de producción, una fábrica para la elaboración de pasta soluble de papel y una segunda planta de fibras téxtiles de origen forestal, concretamente de lyocell. El principal producto que sale de estas plantas es la pasta de fibra cortada de eucalipto o pasta de celulosa*». Ben, desta temos varias, se non as teñen pódollelas facilitar. Pero as coñecen, señorías. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) «Coñécenas», si, grazas. Grazas polo apunte.

Eu non falo perfectamente o galego, señora Pérez, pero inténtoo, intento falalo. (Murmurios.) Pero con ese tipo de cuestións é coas que lle fan vostede dano ao galego, intentando a supremacía moral do galego. (Aplausos.) Efectivamente, hai moita xente que non fala galego porque vostedes se rin dos que falan mal o galego, intentando a supremacía. E, ¿sabe por que? Porque vostedes se cren os donos da nosa lingua e vostedes se cren os donos de Galicia e da identidade de Galicia, e non o son. E, aínda que fale mal o galego, seguirei falando galego, señora Pérez, seguirei falando galego. (Aplausos.)

Outra, que Altri non se quería instalar en Portugal. Dicíao aquí tamén nunha entrevista. (A señora Prado del Río amosa un documento.) ¿Vostedes leron isto? «*Galicia cierra el círculo como potencia textil*». Leron as entrevistas que lle facían ao CEO da empresa nas que dicía que, efectivamente, non hai materia prima, que era o eucalipto, e en Galicia non hai necesidade de importar nada. É máis, explicaba que a compañía avanza en Portugal cun investimento de máis de corenta millóns «*en su fábrica de Caima, en Constância, y lo hace con el apoyo económico del Gobierno presidido por el socialista António Costa*». ¡Vaia! Parece que apoiaban alí o presidente.

E, ¿de que estamos falando, señorías? ¿De ignorancia, de mala fe, de ineptitude? ¿Como cualifican vostedes o seu posicionamento? Non sei. Como di un dos seus expertos, que funcionaba a «*dinamo visceral*».



Tan célebre é a carta do exalcalde nacionalista de Ribadeo dirixíndose á compañía para pedirlle que se instalase no seu concello como ese documental do PSdeG titulado «A Mariña, relato dunha traizón», no que os alcaldes socialistas de Viveiro e Foz defendían que, fose cal fose o concello onde se instalase o proxecto, era bo para a comarca. E como esquecer aquel *Diario de Sesións* do 8 de febreiro de 2022, no que a socialista Patricia Otero ironizaba con que, se A Mariña fose Vigo, Altri instalaríase na Mariña. E o nacionalista Daniel Castro afirmaba que no BNG serían os primeiros en alegrarse de que se instalase en Galicia calquera proxecto que cumpra con toda a lexislación e xere tantos postos de traballo. (*Protestas.*) Está na mediateca tamén, señor Castro, está na mediateca.

E non podemos esquecernos do predecesor do señor Besteiro ao fronte do PSOE galego, ese Valentín González Formoso que tamén no seu día ofreceu o seu concello, As Pontes, para Altri. Quería que se instalase alí e chegou a dicir: volveríao facer 20 millóns de veces. Ofrecería As Pontes para Altri 20 millóns de veces. (*Aplausos.*)

Pero aquí a historia repítese, porque según tirando da hemeroteca e a finais dos anos setenta atopei como era a UPG dos setenta. Bota as mans á cabeza. Vostede non nacera, señor Castro, pero estaría ben que mirase que dicían de Alcoa naquela época os seus compañeiros. Estaría moi ben, porque mire, ¿sabe que dicían? As mesmas cousas que din agora de Altri. Si, mire, exixían a paralización da produción de aluminio en San Cibrao. «*Peligra la vida animal y vegetal de la zona. Los límites actuales atentan contra la salud humana y animal y dañan las especies vegetales. A pleno rendimiento el complejo de Alúmina produce 502 toneladas de material, con lo que expulsa 563,36 quilos de flúor, también diarios, a la atmósfera*». Do flúor ¿que dicían? Dicían que o flúor chegaría ao gando —está documentado—, produciría enfermidades dentais e que despois iso pasaría aos humanos, que comendo ese gando ou tomando o leite dese gando nos intoxicaríamos.

Pero, despois de todo isto, que parece unha broma, vemos como estes mesmos que non querían Alúmina-Aluminio, hoxe Alcoa, se poñen detrás da pancarta. (*A señora Prado del Río amosa unha fotografía.*) (*Aplausos.*) E, ¿que di a pancarta? «Galiza non quere ser un deserto industrial». Estaba a señora Pontón e estaban todos vostedes. «Alcoa non se pecha». Pasamos de dicir que Alcoa era unha bomba ambiental nos setenta a dicir agora Alcoa non se pecha, pola defensa do traballo e dos traballadores. Estaría ben que vostede se documentarse do que dicían daquela, para ver que máis ou menos é o mesmo que están dicindo agora. Eu xa non lles pido que sexan coherentes, senón simplemente que desta vez non tarden cincuenta anos en rectificar, porque os galegos e as galegas do futuro agradeceránllo.

Mire, hoxe mesmo teñen a oportunidade de rectificar apoiando dúas das nosas propostas. Unha para que en Galicia non se instale o negacionismo industrial, senón que se instalen proxectos que, cumprindo coa normativa ambiental, contribúan ao noso desenvolvemento económico e para que, entre todos, traballemos para asegurar o futuro de Alcoa en San Cibrao, a continuidade da súa actividade e o mantemento dos postos de traballo.

Coñecen ben as nosas propostas. Despois falarei dalgunha máis... Si, porque vostedes falaron tamén de cousas, e hai que dar argumentos para que non só queden enriba da mesa os bulos e os pseudoargumentos científicos dos que non os teñen.



Estamos ante un debate, como dicía antes, de pasado, de presente e de futuro. Porque do que estamos a falar é do futuro dos nosos servizos públicos, da nosa educación, da nosa sanidade, da nosa economía, da nosa cultura, do noso rural, do noso mar, da nosa xente. Estamos a falar do futuro de Galicia e da Galicia do futuro; desa terra que hoxe construímos co fin de legarllela ás vindeiras xeracións. E nós temos claro que diremos sempre «si» a esa Galicia en grande da que falaba o presidente Rueda; con realismo, con optimismo, con confianza e sen medo, e demostrar que xuntos temos máis camiños para facelo ben.

Aos que prefiren vivir instalados no «non», eu recomendaríalles, polo ben dos galegos, no que se refire ao PSdeG, xa que hai tempo que nas súas siglas cederon o «S» ao «sanchismo», que polo menos fagan valer o «G» de «Galicia» por unha vez. E, no que se refire ao BNG, voulles ler un artigo de opinión que, a pesar de estar escrito no ano 1991, está máis de actualidade que nunca. Si. O seu autor criticaba que o nacionalismo de entón elixise a vía da confrontación. Leo textualmente: «Acentuando o seu carácter frontista, recorrendo con alarmante frecuencia ao efectismo populista e situando a súa estratexia na periferia do noso entorno xeográfico, político e cultural». A renglón seguido apuntaba —non é sospeitoso de ser do PP, eh, logo lles digo quen é—: «A dirección do BNG aplícase ultimamente a enarborar as cuestións do antiimperialismo, a oposición ás compañías multinacionais e a negociación da Comunidade Europea». Insisto, isto escribíase en 1991, ao tempo que se explicaba que «non é difícil comprender que as compañías multinacionais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...non son só a forma empresarial hexemónica dentro do capitalismo, senón tamén un fenómeno propio de planetarización das relacións económicas e dos avances tecnolóxicos da civilización industrial». Dicía este señor: «¿Acaso pretenden os dirixentes do BNG que se desmantele Citroen, Alúmina-Aluminio, El Corte inglés ou Larsa?» Preguntábase o autor, reprochándolle á dirección do partido que parece non entender outra lingua máis que a da confrontación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ..., e concluindo, esperando que se acabe imponendo a razón. O autor deste artigo era Camilo Nogueira, un dos referentes do nacionalismo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Antes das réplicas, imos saudar os alumnos de sexto de primaria do centro Antonio Insua Bermúdez de Vilalba. Benvidos ao Parlamento. Bo día.

E agora continuamos xa co desenvolvemento da orde do día. Neste caso, corresponde agora ao Grupo Parlamentario Mixto, ao señor Oxea... Señor Oxea, perdón.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.



Falando galego, non me importa que diga Oxea, ¿eh?, non pasa nada. En castelán, loxicamente Ojea. Tampouco en si no castelán. Non, non, ata me parece incluso mellor. Digo eu. Non imos facer cuestión diso.

Estaban falando de Camilo Nogueira, entón, non sei, enlacei así... Se non lembro mal, efectivamente Camilo Nogueira foi un dos fundadores da AN-PG, xunto con aquel cura que andaba cunha gorra. ¿Como era? Ramón Valcarce, ¿non? E unha señora, que era Conde Pumpido de apelido, pero non me acordo do nome, e Lois Diéguez. Creo que foron os fundadores de AN-PG, que nun primeiro momento, se len a constitución que fixeron ante notario no seu momento, antes de que fose legalizada a asociación, pois avogaban fundamentalmente pola cuestión nacionalista.

O BNG móvese nun espazo bidimensional. Por un lado, o tema esquerda-dereita e, por outro lado, o tema centralismo/españolismo-nacionalismo/galeguismo, como o queiran ver. Hai máis dimensións que se poden establecer, pero o BNG móvese nesa e está no cuadrante de esquerda nacionalista.

E eu agora mirando as propostas do BNG... Hai unha cuestión que comparten todas as propostas —tanto as do BNG, como as do PP, como as do Partido Socialista—, que é: por un lado, unha xeneralidade sen baixar a cuestións concretas e, por outro lado, que sempre se fala do «que» pero non do «como». Ou sexa, o que se pretende facer. Nesta clase de cousas normalmente é difícil estar en desacordo, porque os desacordos e os desencontros políticos adoitan vir pola parte do «como». Todo o mundo estaba, por exemplo, a favor da paz, que se dixo aquí estes días. Claro, a cuestión é como estamos a favor da paz, porque a favor da paz eu penso que estamos todos.

Eu agora mesmo neste momento lembro unha frase que dixo Ortega y Gasset que me gustou moito —non me acordo de cando a lin—, que dicía que a única forma de ser verdadeiramente pacifista era fomentar o dereito, porque os conflitos humanos son inevitables. É unha utopía pensar que vivamos en amor fraterno, como pretendía a Constitución de *La Pepa* de 1812, que hoxe lese e parece unha cuestión tan, non sei, tan inxenua. Entón, o dereito é o que permite canalizar os conflitos e resolvelos pacificamente, ou polo menos resolvelos sen que terminen falando as armas. Nese sentido, eu ás veces párome aquí a pensar que estamos nunha Cámara lexislativa que o que fai é precisamente fomentar o dereito e, polo tanto, fomentar o pacifismo, en termos de Ortega. A única maneira de fomentar a paz é fomentar o dereito. As guerras adoitan vir precisamente porque no ámbito internacional non hai unha instancia superior que imponha un dereito ou que teña... Bueno, hai un dereito internacional, pero xa sabemos as limitacións que ten.

Bueno, ía con isto —que me desviei un pouco da liña argumental na que viña pensando— a que o BNG, se analizan a maioría das propostas, non están na liña españolismo-nacionalismo. Hai algunhas, efectivamente, pero a maioría están na liña esquerda-dereita. Ou sexa, o BNG, xa desde a época da AN-PG, aos poucos anos da formación da AN-PG, cultivaba fracaso electoral tras fracaso electoral, e alguén se deu conta. Non sei se foi Camilo Nogueira ou algún outro que se deu conta de que tiñan que incidir máis na liña esquerda-dereita. Ou sexa, posicionarse de cara á opinión pública como partido de esquerdas, con máis énfase



que como partido nacionalista; que o son loxicamente, está na propia definición. O Bloque asume Galicia como nación; asúmea como postulado, como axioma, non como algo a discutir, que eu entendo que si que é algo a discutir.

Entón, claro, nesa liña róubanalles votos ao Partido Socialista, porque lle comen ese espazo da esquerda. Eu entendo que esa é unha das cuestións da baixada de votos do Partido Socialista. Ou sexa, que o partido do Bloque estase posicionando ante a sociedade máis como un partido de esquerdas, priorizando esa dimensión; polo menos de cara ao público, de cara ao seu posicionamento mediático.

Entón, nese sentido, a inmensa maioría das propostas do BNG son propostas que se poden cualificar «de esquerdas», en termos xenéricos. E xa sabemos que estas soen ser posturas que, polo menos no «que» —o «como» xa é outra cousa— son difíciles de rexeitar: coitados sociais, unha boa sanidade, calidade do ensino, vivenda para todos, turismo que non cree conflitos entre residentes e visitantes, optimización do transporte público etcétera. Efectivamente, estas cousas dende o punto do vista do «que»... Que é o que se vota, porque o que se vota nestas propostas é o «que», non se especifica o «como», que é onde despois, cando se traian a un nivel de concreción máis amplo, pois teremos seguramente que disentir máis. Por iso, podo dicir que, das corenta propostas do BNG, eu votarei a favor de 28 delas. Absterime en 11, por varios motivos. Algunhas cuestións están lonxe do ámbito competencial do Parlamento, e algunhas están redactadas dun xeito ambiguo, non sei se deliberado ou casual, de xeito que admitirían interpretacións en sentidos incluso contraditorios. Polo tanto, abstención.

Soamente votarei en contra dunha, que é a da condonación da débeda, a maneira en que plantexan a condonación da débeda, que xa manifestei aquí que, nese sentido, comparto os argumentos que fai o Partido Popular. Pero nas demais todas xa digo: absterme en cuestións que exceden do ámbito competencial deste Parlamento. Hai outros foros onde discutilas. E, despois, a favor en 28 delas, a inmensa maioría, que, como digo, son difíciles de rexeitar, polo menos desde o ámbito do «que».

Teño agora aquí as do Partido Socialista. Vou mirar aquí, que fixen o resumo. Aquí votarei a favor de 34. A maioría están nesa mesma liña de propostas que a priori é moi difícil de rexeitar; polo menos na letra na que están escritas. Aínda que moitas veces saibamos que ocultan intencións ou intuimos que ocultan intencións máis concretas, pero claro, na redacción explícita e literal é moi difícil votar en contra de cuestións como a calidade do transporte interurbano, da construción de vivenda pública para persoas con baixos recursos... É imposible, ou practicamente inxustificable, votar en contra de maior transparencia no gasto público, votar en contra das medidas de prevención da violencia de xénero, votar en contra dunha maior comunicación pública subvencionada por fondos públicos e non manipulada... É difícil hoxe en día votar en contra do fomento da enerxía renovable etcétera.

Entón, como digo, tamén votarei soamente en contra da parte da condonación da débeda, que creo que é a número 18. E quero dicir que, efectivamente —xa o dixen antes—, o Partido Socialista propúxonos algunhas transaccións que non aceptamos por máis razóns que porque previamente o Partido Popular manifestou a intención de votárolas a favor e, polo tanto,



xa non ten sentido transaccionalas, e nalgún caso porque había xa duplicidade con outras transaccións.

Do Partido Socialista non teño moito máis que dicir. Ao mellor, abondando no razoamento que fixen antes, parece ser que ultimamente tratan de recuperar a liña do galeguismo... Bueno eles son o Partido Socialista de Galicia, realmente; están federados co Partido Socialista Obrero español, pero non o son... Eu aí diríalles que a xente adoita votar pola versión orixinal. Se pretenden explotar o tema do galeguismo, lembren aquilo que dicía creo que era Ries e Trout a xente prefire votar a versión orixinal, e a versión orixinal do galeguismo pois xa sabemos quen a ten. Entón, bueno, exploten mellor a outra liña que lles está comendo o Bloque, que é a de esquerdas. Pero esa é unha opinión miña particular, que non teñen por que seguir.

E agora estou aquí coas do Partido Popular, que, como dixen antes, transaccionamos algunhas cousas. O Partido Popular, como o resto dos partidos convencionais con moita experiencia; uns máis que outros, o Partido Socialista fala moitas veces dos «*cien años de honradez*». Despois os do Partido Comunista de España lembrábanlles «*y cuarenta de vacaciones*», porque cando estivera Llopi e todos aqueles, a verdade é que non... Bueno. ¿Onde ía? Ah, que como os partidos tradicionais adoitan... Ah, que agora teño pouco tempo, estaba calculando...

O señor PRESIDENTE: Pero pronúnciese, pronúnciese.

O señor OJEA BOUZO: Si, voume pronunciar e vou dicir simplemente que vou votar a favor de 34 do PP, polo que dicía antes: que é moi difícil votar en contra. E voume abster noutras cuestións, como por exemplo a do presidente da Confederación Hidrográfica, que é unha proposta na que prefiro non manifestarme, no tema do litoral, porque non afecta a provincia de Ourense e tampouco teño motivos especiais para votalas nin a favor nin en contra.

Aquí hai unha cuestión, que é a proposición número 15, que, aínda que fala en termos xerais, digamos que lendo entre liñas estase referindo a Altri, da que se falou alto e tendido. Entón, tamén saben que a miña posición política é en contra de Altri. Pero claro, tampouco vou votar en contra, porque aínda que intúo que está falando de Altri, emprega uns termos xenericos da «promoción da industria» e, ben, pois abstéñome e punto.

Efectivamente, hoxe voto a favor da práctica maioría das propostas de todos os grupos, porque están nese rexistro de xeneralidades, de falta de concreción e, sobre todo, de falta de especificación do *how* —do «como»—, que será, chegado o caso, no que realmente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor OJEA BOUZO: ...discutamos.

Moitas grazas, presidente, por este minuto e medio que me deu a maiores.

O señor PRESIDENTE: Ben explicado.



Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas de novo, presidente.

Presidente da Xunta, señora Prado, señores e señoras deputadas do Partido Popular, nas propostas de resolución do Partido Popular hai un padrón común, que é o padrón da confrontación. (*Aplausos.*) Nós quixemos acercar as nosas transaccións, pero en vez de atopar un partido de goberno da Xunta de Galicia, atopamos o partido da confrontación; porque vostedes, señores do Partido Popular, son o «partido do non». (*Murmurios.*)

Antes dicía que non me dera tempo a profundar nin comentar algún tema do que agora intentarei falar. Volvemos á débeda, porque queda claro aquí, con este debate e estas propostas, que o Partido Popular ten un problema consigo mesmo. Agardemos que ese lío que teñen consigo mesmos non nos traia un problema aos galegos e ás galegas. O Partido Socialista trae a este debate a proposta de resolución máis simple posible sobre a débeda: (*A señora Espinosa Mangana amosa un documento.*) ¿condonación si ou condonación non? (*Aplausos.*) O Partido Popular deixa en evidencia o que no debate do mércores xa dixemos novamente: señor Rueda, sabe que debe aceptar esta condonación. Fíxoo intentando cambiar as propostas dos demais para xustificar un cambio, para intentar coar de refilón, señor Rueda, a aceptación e para intentar coar un relato co que intentar salvar a súa cara. Todo isto está moi ben, pero a clave está na mesma pregunta: ¿condonación si ou condonación non? E nós dicimos «condonación, si» alto e claro, para que 4.000 millóns que ían destinarse a pagar a débeda nos vindeiros anos poidan destinarse a outra cousa, como aos servizos públicos. (*Aplausos.*) Así que, señores do Partido Popular, teñen aquí a oportunidade: ¿condonación si ou condonación non? Voten, que o faremos dentro de moi poucos minutos. E voten —como din vostedes— «con sentidiño», pero utilíceno polo menos unha vez na vida.

Agora vou intentar contestarlle á señora Prado en tres temas nos que entrou e despois xa volvemos ao tema máis xeral. Señora Prado, teñen que recoñecer dunha vez que temos un problema de accesibilidade na sanidade pública. O noso partido na vida cuestionou a calidade da sanidade; jo que estamos dicindo é que temos un problema de accesibilidade! Eu o único que fago é comparar os datos que vostedes trouxeron aquí coas súas promesas. Ten ao seu lado o anterior conselleiro, que puxo enriba da mesa unhas cifras que íamos cumprir no ano 2023 —que as repetiu o señor Rueda—; non se cumpriron nin no 2023, nin no 2024, nin no 2025. (*Aplausos.*) ¡E aínda encima empeoramos! Deixen de botarlle a culpa ao Goberno de España pola sanidade, porque na última convocatoria a Xunta deixou de cubrir cen prazas de MIR, o que suma en total 1.541 médicos que se deixaron de formar en Galicia dende o 2012. ¡Esa é a súa responsabilidade e a súa competencia! (*Aplausos.*)

Señora Prado, se en vivenda fixeron tanto tanto como vostede di aquí, preguntolle: ¿por que segue sendo o primeiro problema de todos os galegos e de todas as galegas? Agora resulta que todos os galegos e todas as galegas inventaron o problema da vivenda. Non; baixen á terra, poñan os pés no chan. Dígolle algo máis. En Vigo —que coñezo moi ben o tema—, o Partido Popular puña de desculpa que non había un plan xeral de ordenación urbana para



poder empezar as vivendas que tiña prometidas. E, ¡que casualidade!, hai unha semana empezáronas e o Plan xeral está sen aprobar. Polo tanto, outra falta de verdade á realidade. (*Aplausos.*) Buscan desculpas, como foi o caso de Vilagarcía.

En dependencia, señora Prado, non sei se lle deu tempo a ver a prensa de hoxe —e non o quero dicir con mala intención, porque entendo que puido non lelo; non mo interprete mal—. Na prensa de hoxe vén que en dependencia temos 393 días de media. Isto é exactamente o dobre do que marca a lei. Esa é outra das realidades que temos en Galicia. (*Aplausos.*)

E si, señora Prado, estamos moi orgullosos de estar no Partido Socialista Obreiro Español, no PSdeG. Si que estamos moi orgullosas. Neste debate fomos nós os que trouxemos aquí os temas relevantes e de calado. Señora Prado, somos un partido europeísta convencido de que Galicia é un país que debe estar vinculado ás políticas internacionais solventes en defensa da democracia de todos os lugares. Isto proclámase, pero tamén se defende como o defendemos nós aquí. (*Aplausos.*)

Señora Prado, somos un partido que traballa dende a coherencia e dende a comprensión de que a política non debe facerse con discursos facilóns, simplistas ou de confrontación permanente, como fai o Partido Popular. Por iso, cremos que hai que asumir as competencias propias e pular máis. Pero, de verdade, non nos apoiemos en declaracións vagas que soamente buscan confrontar... Tamén por iso defendemos que Galicia ten que ser o referente de sectores importantes, como as enerxías renovables.

Queremos ser líderes. De verdade, entendan dunha vez o que lles dixo o señor Besteiro no debate de investidura: queremos ser unha oposición construtiva, queremos colaborar, pero é moi difícil colaborar se do outro lado o único que atopamos é un auténtico muro de cemento armado. Somos coherentes, e iso implica saber que temos que ser ambiciosos pero realistas.

Somos un partido que defende a igualdade de oportunidades, e a igualdade de oportunidades é un debate de clases sociais e de status. Somos, por tanto, internacionalistas e solidarios, e aquí queremos que Galicia se sume ao rol do progreso. Eu xa sei que lles molesta moito que España vaia ben, porque foi o gran *runrún* esta mañá, pero ensino a última publicación (*A señora Espinosa Mangana amosa unha folla dun xornal.*) —a última, ben quentiña—: «*The Economist se rinde ante la revolución económica española y destaca estos dos detalles: pueden ser claves para el futuro*». Invítoos, por favor, a que o lean. (*Aplausos.*)

De verdade que o Partido Socialista, o noso grupo, os e as socialistas trouxemos a este debate propostas sobre cuestións que importan aos galegos e ás galegas. Creo, dende o noso punto de vista, que o Partido Popular pretendeu —como sempre— utilizar este Parlamento para unha guerra de guerrillas. Nós intentamos mellorar as propostas e por iso traballamos arreo para que se puidesen incorporar algunhas das nosas resolucións. Eu, como son optimista, aínda espero que de aquí á votación vostedes recapaciten porque —si, vólvolles insistir— as nosas propostas son útiles para os galegos e para as galegas. Dóeme moito que non aproveitase o Partido Popular para falar de verdade de Galicia porque, se imos ao inicio deste debate, o señor Rueda falou bastante máis do Goberno de Madrid, do Goberno de Pedro



Sánchez, que de Galicia. Iso é o que nunca debemos consentir, porque os galegos e as galegas escolléronnos a todos e a cada un de nós os que estamos aquí para defender Galicia. Esa si que é unha responsabilidade que, dende o meu punto de vista, quedou absolutamente baleira por parte do Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* O Partido Socialista sempre intentará estar ao lado dos galegos e ao lado das galegas. Esa foi a nosa intención neste debate, e sempre a será: non confrontar, si sumar, polo ben de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Acabamos de ver unha vez máis cal é o exemplo perfecto dese estilo Rueda —benvido, por certo, ao debate—: vir aquí, rirse da xente, rirse de todo o mundo que pensa diferente, vir aquí insultar o que non di o que o Partido Popular quere, vir aquí mofarse absolutamente de todo o mundo. É o mellor exemplo dese estilo Rueda, dese estilo do Partido Popular que ten nada que ver con como somos as galegas e os galegos, que non respecta nin o máis mínimo a democracia, nin o pluralismo nin quen pensa distinto. *(Aplausos.)*

Nesa Galiza tan pequena que teñen, na que só collen vostedes, agora moléstalles que leamos. ¿Saben quen le á velocidade do raio —esa vai máis rápida que a velocidade da luz—? A conselleira do Partido Popular, que, antes de que se publicasen os informes, xa nos dicía que o negocio era redondo e que ía *pa'lante*. *(A señora Rodil Fernández amosa unha folla dun xornal.)* ¡Como ía! *(Aplausos.)* ¿Como ía ir en marzo do ano 2024? Cando aínda non pasara nin sequera polos técnicos da Xunta, esa conselleira do Partido Popular, que ve máis rápido do que escriben os técnicos da Xunta, xa sabía que era un negocio redondo e que ía ir para adiante sen ningún lugar a dúbidas.

Señorías do Partido Popular, vostedes nin gobernan con todos nin gobernan para todos; vostedes gobernan para un puñado de empresas —as máis das veces, amigas do Partido Popular— que comodamente lles abren a porta cando acaban a súa vida política para sentalos no seu consello de administración. *(Aplausos.)* Aí está Beatriz Mato en Greenalia, aí están ministros do Partido Popular en Ence, ou aí están directores xerais de Natureza sentando en Navigator —que ese si que está enchendo as mans co eucalipto en Galiza—. Se tan bo era o proxecto —xa que agora, por certo, compiten aquí, como na outra sesión, por quen é o que mellor fai de comercial de Altri nas sillas do Partido Popular—, ¿por que o ocultaron ata que pasaron as eleccións galegas? *(Murmurios.)* Se tan bo era o proxecto, ¿por que lles ocultan ás galegas e aos galegos e a este Parlamento os acordos secretos que asinaron con Altri desde a Xunta en outubro de 2022? *(Aplausos.)* Se tan bo é, ¿por que o ocultaron? Queren impoñernos esa bomba ambiental no corazón de Galiza para seguir eucaliptizando o país e para impoñernos o franquismo industrial da celulosa, que é o único proxecto industrial que ten o Partido Popular para este país. *(Aplausos.)*

¡Negacionismo, di! Negacionismo industrial é o do Goberno do Partido Popular, que destruíu 31.700 empregos na industria entre 2008 e 2024. Non trouxeron nin un só dos proxectos in-



dustriais que anunciaron e non trouxeron, nin salvaron, nin unha soa das empresas que entraron en crise nos últimos anos e que acabaron pechando. Por resucitar a hemeroteca, señora Prado, puido remontarse a toda a propaganda que nos venderan con Pemex ou —non sei— contarnos onde estaban os militantes do Partido Popular en 1977 *o antes, o antes...* (Aplausos.) O Bloque está sempre defendendo a democracia, non sei se vostedes poden dicir o mesmo.

O principal problema da industria que ten este país —o principal problema que ten a industria en Galiza— chámase Partido Popular. A súa intervención é o mellor exemplo de que nin ao sector industrial, nin ás galegas e aos galegos, nin a ningún sector —nin ao agrogandeiro, nin ao pesqueiro—, nin á economía social, nin ao turismo, nin á mocidade... Non hai ningún proxecto que ofrecerlle á xente deste país, nin de futuro nin de presente. Non dixo nada. ¡Nada! Os problemas da xente deste país —que están fóra das paredes deste Pazo do Hórreo— non lle importaron o máis mínimo e non mereceron nin media milésima da intervención do Partido Popular.

É un PP que o único que sabe facer —dáselles de marabilla e nosoutras encantadas— é de oposición ao Bloque Nacionalista Galego, porque —diciáo na miña primeira intervención— teñen moitísimo medo e están moi nerviosos pola alternativa política que teñen diante, (Aplausos.) liderada polo Bloque Nacionalista Galego e por Ana Pontón. É unha alternativa política que é clara, que é forte e que si ten propostas, de presente e de futuro, que ofrecerlle á xente deste país. Son propostas para mellorar as condicións da vida das galegas e dos galegos, coa vocación de unir as xeracións que viven e que traballan hoxe en Galiza no que de verdade importa e no que de verdade ten que centrar os debates políticos nesta Cámara: nunha sanidade pública na que o dereito á saúde non dependa da tarxeta bancaria.

Aí fóra, señorías, hai miles de persoas que para ter a primeira cita no psicólogo esperan un ano ou máis e, se queren que os atendan, pagan 70 euros na privada. Aí fóra hai xente que, por primeira vez, ten que esperar quince días ou máis para que a vexa o médico de cabeceira. Hai 11.000 nenas e nenos que non teñen un pediatra. Iso é o que hai aí fóra destas catro paredes e que a vostedes parece —quedounos claro— que non lles importa o máis mínimo. Hai 2.800 persoas agardando por unha dependencia que tarda máis do dobre do que di a lei e que ademais tarda infinitamente máis do que a propaganda do Partido Popular nos anuncia. Hai miles de persoas esperando por unha praza nunha residencia pública que acaban na outra esquina do país porque non hai unha rede de servizos de benestar e de coidados forte, á altura do que merecen e do que necesitan as galegas e os galegos.

Están moi nerviosos —¡moi nerviosos!— porque o BNG ten propostas ambiciosas e, sobre todo, a favor deste país. ¿E que fai o Partido Popular, ademais de non falar de nada do que realmente importa —da vida, dos problemas que teñen as galegas e os galegos—? ¿Que é o que fai coas propostas que ofrece o Bloque Nacionalista Galego coa man tendida neste Debate do estado da nación, para poder chegar a acordos en favor da xente deste país para que Galiza avance? Votar que non a todo. Dicirlle que non a todo. ¡A todo, a todo!

Fixemos quince propostas de transacción a primeira hora da tarde de onte. As propostas de resolución pasan pola Mesa ás 12 do mediodía, máis ou menos, coas correccións que indica



a Mesa, e están listas para ser observadas, estudadas, analizadas e transaccionadas polos grupos. Á primeira hora da tarde fomos trasladándolle ao Partido Popular propostas de transacción en acordos e en materias importantes para que a xente deste país teña bos servizos públicos e para que haxa psicólogas e psicólogos clínicos nos centros de saúde: non desideratos nin grupos de terapia. Non, que cumpran co que prometeron, hai un ano, que ía haber neste país. Dixeron que non. Fixemos propostas para ir a 20 euros a hora rescatar os concellos; o máis importante no SAF: rescatar as usuarias, os usuarios e as traballadoras. Dixeron que non. Propuxémoslles coser o que vostedes desfixeron no ano 2009: facer un bo acordo —un grande acordo— pola lingua galega deste país. ¿Co que? Co que temos: cun Plan xeral de normalización lingüística que, en moitos aspectos —na súa inmensa maioría—, non só está vixente, senón que está por cumprir. Dixeron que non.

Estiveron toda a tarde «non, non, non...» e, ás oito e media, aparecen cunhas propostas que, basicamente, din que o PP mantén o seu, ti renuncias ao teu e dáslle aplausos —entre todos— á Xunta de Galiza. ¡Non lle tomen o pelo á xente deste país! (*Aplausos.*)

É quen está no Goberno quen ten esa inmensa responsabilidade —porque é unha responsabilidade—. Ademais de manosear a maioría absoluta, hai que exercela coa xenerosidade de quen ten a responsabilidade de goberno, que é quen debe ser xeneroso para chegar a acordos. Pero vostedes non o fan, e non o fan porque... (*Murmurios.*) Non... Fano por unha cuestión política e ideolóxica. O Partido Popular concibe a maioría absoluta coma un rodete absolutista no que todo o mundo lle ten que aplaudir, darlle a razón e dicirlle: *¡Qué bien lo haces!* (*Aplausos.*) Pero resulta que a realidade aí fóra non é esa, señorías do Partido Popular. Chegar a acordos significa que as cousas que van mal teñen que mellorar. Para que este país avance hai que cambiar cousas, non darse xabón. Para iso xa están as corenta propostas de resolución que presentan vostedes, algunhas delas deixando claro que xa non cre os anuncios do PP nin sequera o Partido Popular. Veñen aquí e anuncian 24 residencias nas propostas de resolución; pero non o número, nin as prazas, nin o tempo, nin o orzamento; porque non cren nin sequera vostedes a súa propia propaganda. Ou non a cumprirán, ou o que están intentando é ver se pasa, así de refilón, que están usando os cartos das galegas e dos galegos para seguir cebando e engordando o negocio da privada.

Eu remato lamentando a incapacidade da maioría absolutista do Partido Popular para poder chegar a acordos importantes que sitúen no centro do debate, neste Parlamento, a xente deste país. Iso é o que de verdade importa e, sobre todo, que sirvan para facer avanzar en máis dereitos, en mellores condicións de vida e en mellores servizos públicos este país. O BNG seguirá exercendo coa máxima responsabilidade e, sobre todo, coa máxima lealdade á xente deste país, para que sexa protagonista do debate político e parlamentario no seu país e, sobre todo, para darlles un proxecto de futuro e de esperanza ás galegas e aos galegos. Este país teno todo para gañar, o único problema que ten é vostedes. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, nós afrontamos este debate coa esperanza de escoitalle á oposición propostas realistas, aplicables e feitas en positivo. Demostramos en todo momento que non somos dogmáticos, senón todo o contrario. Como sempre, estivemos abertos a novas ideas e a novas iniciativas, veñan de onde veñan, incluso —incluso— se veñen das vellas receitas do BNG de hai cincuenta anos. Incluso, señores do BNG, vostedes ben saben que lles ofrecemos transaccións ás súas propostas resesas e caducas. A proba é que fomos quen de chegar a acordos con todos os grupos —con todos— menos co BNG. No caso do Partido Socialista, transaccionamos unha mellora da nosa proposta relativa ao Plan galego de saúde mental, que tanto lle preocupa á señora Rodil. A vostedes tamén lles fixemos propostas de transacción e non as aceptaron. ¡Vostede saberá por que! Vostedes saberán por que...

Tamén chegamos a un acordo nunha proposta relativa á redefinición do E-Dixgal, algo tan importante como é o futuro dixital no ámbito da educación. Chegamos a un acordo co Partido Socialista e, tamén, con Democracia Ourensana, con quen transaccionamos sete das súas propostas no eido das infraestruturas, da sanidade, da mobilidade, da vivenda, do financiamento local, da seguridade e do medio rural, entre outras. En cambio, non conseguimos chegar a ningún acordo co BNG. É máis, fronte a quen tivo a vontade de entendemento dende o realismo e a lealdade en Galicia, o único que atopamos no BNG foi un boicot a calquera posibilidade de acordo. Señora Rodil, non lembro un debate do estado da autonomía aquí, nos últimos tempos, no que ás sete da tarde un grupo sacase unha nota de prensa dicindo que non había posibilidades de acordo, cando aínda se estaban enviando propostas de acordo. Esa foi a súa vontade onte nesta Cámara. *(Aplausos.)* ¡É que non están en ningún pacto! Non están no pacto pola lingua, tanto que lle importa a vostede Galicia e este país... ¿Por que non están no pacto pola lingua? ¿Non lles importa a lingua? Non queren pactar, non queren chegar a acordos e non queren consensos, señorías.

Aquí o único problema que hai é que Galicia vota mal —¡vota mal!—. Xa llo expliquei antes e, agora, despois de escoitala, reafírmome en que vostedes cren que Galicia vota mal porque, como viven no seu ecosistema, pensan que todo o mundo en Galicia ve o que ven vostedes, e non. Ningún grupo propuxo máis acordos que o Partido Popular e ningún grupo rexeitou máis acordos que o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señora Espinosa, vostedes chegaron aos acordos aos que lles deixaron chegar en Ferraz, que foron poucos —sí, lamentablemente, foron poucos—, pero con Democracia Ourensana, que ten liberdade e vontade de chegar a acordos, chegamos a moitos. Si, rían... ¡Rían, que poden vostedes rir! Vostedes de consenso... Esa palabra non está no dicionario do benegués. Democracia Ourensana, tal e como explicou o señor Ojea, abstense en 6 propostas e vota a favor de 24 propostas do PP. Cando dous grupos teñen vontade de acordo, hai acordo.

Ao Partido Socialista ofrecémoslle 32 propostas de transacción e aceptaron unha, pero sobre a do financiamento, seguimos agardando, señora Espinosa, unha contraoferta. En canto á nosa proposición sobre o financiamento e sobre a débeda —e vostede coñécea, porque onte estaba aquí—, dixémoslle que ofreciamos a proposta de que os 4.000 millóns de euros se integren no orzamento da Xunta para mellorar os servizos públicos. ¿Cal foi a resposta do PSdeG? Foi a calada por resposta. Agora vén aquí, sobe a esta tribuna e di que podemos dispoñer de 4.000 millóns de euros para os servizos públicos. Señora Espinosa, ¿a quen queren enganar? ¡¿A quen queren enganar?! *(Aplausos.)*



Pero vaia, o mellor foi o BNG, gran defensor de Galicia, que hoxe traía aquí un deseño para Galicia de «a Galicia do futuro e, todo, grazas ao BNG», pero confórmanse con que poidamos dedicar aos servizos públicos, unicamente, o aforro que poida xerar a quita-ción. ¡Isto son os intereses! Vostedes enganaron os galegos. Vostedes díganlles agora aos galegos que en vez deses 4.000 millóns de euros, o que ofreceron na súa transacción foron 42 millóns de euros. ¡Corenta e dous millóns, señorías! (Aplausos.) Cando nós estamos pedindo 600 millóns de euros para o financiamento de Galicia —jah, non!—, vostedes confórmanse con 42 millóns. Ben, pois vostedes saberán.... Despois non veñan aquí, señora Rodil e señora Pontón, dar leccións de lealdade. Leccións de lealdade «dos do non, non», non queremos nin a primeira, señoría, porque as leccións non se dan, recíbense. (Aplausos.)

Son tan «os do non», que non lles chegou con non chegar a acordos con nós, senón que intentaron vetar os acordos aos que chegaron o resto dos grupos. Son tan «os do non», señorías, que ata iso intentaron na mesa desta mañá. ¡Que vergonza! (Aplausos.) ¿E logo fáleme de democracia, señora Rodil? ¿Onde estaban vostedes antes do ano 1977, ademais de estar actualmente nun partido leninista, como din os seus estatutos? ¡Dino os seus estatutos! (Murmurios.)

Señora Presas, o seu talante democrático xa o demostraron esta Semana Santa, que andaron de viaxe. A súa compañeira, a de aquí arriba (*A señora Prado del Río sinala coa cabeza cara ao estrado da Mesa.*) —que é a que manda, jesa si que manda!—, estivo no País Vasco. ¿Con quen estivo? (*A señora Prado del Río amosa unha fotografía.*) Estivo cos de sempre: cos de Bildu. ¡Cos de Bildu! (Aplausos.) ¡Cos do Sinn Féin! Esta é a súa democracia, señoría, isto é o seu.

Señoría, isto é o seu.

Mire, señora Rodil, vostedes si que están nerviosos intentando vetar incluso os acordos aos que chegamos o resto de forzas políticas deste Parlamento; ese si que é un síntoma de nerviosismo. Vostedes son «os do non», (*A señora Prado del Río mostra un cartel.*) e os do PSOE son «os do tampouco». (*A señora Prado del Río mostra un cartel.*) (Aplausos.) (Risos.)

Miren, vou facer un resumo das propostas do BNG, a constatación de que son «os do non»: «non» á Galicia autonómica, porque Galicia non é unha nación, señorías; é dicir, simplemente cando vostedes din que Galicia é unha nación, están en contra da Constitución, polo que, polo seu rexeitamento (*Murmurios.*) ao noso marco constitucional, pois xa quedan vostedes invalidados para erixirse en garantes deses estándares democráticos que propoñen nalgunha das súas propostas.

«Non» á iniciativa privada, xa que nas súas propostas sacan a relucir o seu ADN comunista, apostando polo intervencionismo como solución para todo: creación dun fondo soberano, nacionalización de Povisa, intervención no mercado enerxético, intervención no mercado da vivenda, eliminación das entidades do terceiro sector no relativo á prestación de servizos sociais... Por certo, señora Pontón, señora Rodil, non contestaron a unha pregunta que lles fixo onte o presidente: ¿que opinan vostedes da repotenciación? Cri, cri, cri, cri, cri... (Aplausos.)



«Non» á liberdade lingüística e «si» á imposición do monolingüismo, ata o extremo —¡ata o extremo!— de propoñer nunha das súas propostas controlar o uso do galego nos menores de 30 anos. Ese si que xa é un avance nas súas propostas electorais.

«Non» á asunción da historia de Galicia e ao recoñecemento de Xerardo Fernández Albor como primeiro presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

«Non» á industria, xa sexa á produción de fibras téxtiles como á explotación dos nosos recursos mineiros.

«Non» á nosa sanidade pública, porque, claro, pretenden que lles aprobemos unha proposta na que sitúan o orzamento destinado á atención primaria no 25 por cento. Entérense de que xa está no 30, señorías. É un paso atrás; é un «non» á sanidade pública, señorías. *(Aplausos.)*

«Non» á Fegamp, porque lle negan a súa capacidade de negociación para o SAF. Xa queren vostedes que teñamos aquí un debate sobre o SAF, pois non se apuren, está a Fegamp negociando, señorías.

«Non» ás institucións representativas da cultura galega; queren crear chiringuitos soberanistas.

«Non» á defensa das mulleres, porque non lles chegou con sacar á rúa a agresores sexuais do cárcere que, ademais, agora pretenden desprotexer aínda máis as vítimas, apoiando unha lei de eficiencia na xustiza que as priva dos recursos xudiciais que necesitan e merecen.

«Non» ao turismo, desempolvando un dos seus vellos mantras de rachar co Xacobeo e de ver os turistas como inimigos dos cidadáns, criminalizando as vivendas de uso turístico. Eu convídoos a que miren a porcentaxe. Miren, en Santiago, hai 6.200 vivendas baleiras. ¿Saben cantas hai de uso turístico? Creo que 600, no Rexistro da Xunta, e 64 con licenza municipal. Pero a culpa de que non haxa vivenda en Santiago e noutras cidades de Galicia —este é un exemplo— é dos pisos turísticos. Esa é a súa turismofobia, señorías. *(Aplausos.)*

«Non» aos empresarios, porque, claro, segundo a súa lóxica marxista, sempre é o inimigo da clase obreira, e tamén, como podemos ler nunha das súas propostas, son os culpables das mortes nos accidentes laborais, ¿verdade, señorías?

E, por suposto, «non» á OTAN, «non» a mellorar a capacidade defensiva do noso exército e «non» tamén a apoiar o pobo ucraíno.

E os do Partido Socialista son «os do seguidismo», señora Espinosa, porque, por un lado, din opoñerse a Altri, pero ao mesmo tempo piden un plan para o desenvolvemento dos ciclos forestais completos en Galicia. Piden unha mellora do funcionamento dos CIM e que ningunha muller teña que desprazarse máis de quince quilómetros para acceder a este recurso e viamos onte o señor Besteiro rirse dos CIM móbiles, cando, por certo, o único concello de Galicia que pechou un CIM foi Ponte Caldelas, cun goberno socialista. *(Aplausos.)*



Piden un novo modelo de residencias públicas e garantir o cumprimento dos convenios colectivos. Mire, aquí os que xestionan de forma privada son os da Deputación de Lugo. Mire: *(A señora Prado del Río mostra unha fotocopia dunda folla dun xornal.) «La gestión de la residencia de Becerreá será privada por su faraónico...» ¿Coñécea ben, señor Besteiro? ¡Non, esa non a coñece! (A señora Prado del Río mostra unha fotocopia dunha folla dun xornal.) «Controversia en el centro de mayores de Trabada tras quejarse las trabajadoras de sus salarios. La residencia de mayores de Becerreá será privatizada y tendrá precios más caros que el resto de centros de la Deputación de Lugo».* Vostedes cogobernan na Deputación de Lugo, non están exentos desta situación...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...vostedes, os que queren o Sergas ese social.

Remato xa, señor presidente.

Logo deste debate constatamos que Galicia sofre a peor das oposicións; unha oposición absolutamente contraproducente para os intereses xerais da nosa comunidade, centrada no bloqueo e na destrución. Nestes momentos esa oposición confórmana «os do non» e «os pagafantas dos do non». *(Murmurios.)* É unha mágoa, pero non hai máis, temos, por unha banda, o «Bloque Negacionista Galego» e pola outra o «Partido Seguidista de Galicia». *(Murmurios.)* Verán vostedes que alá onde vai ela *(A señora Prado del Río sinala co dedo unha deputada.)* a facer esas cousas —basicamente protestar, manifestarse ou tratar de bloquear algo—, aparecen vostedes...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o señor Besteiro, rodeado de estreladas. Teñan coidado porque calquera día unha punta desas estrelas vermellas pode infectalos do virus nacionalista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das propostas de resolución transaccionadas

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación das propostas de resolución.

A ver se podemos estar un pouco atentos, porque son bastantes as votacións que temos que facer. Entón, a ver se podemos ir axeitados.

Comezamos votando as propostas de resolución transaccionadas. En concreto, a proposta número 1, que é unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular de Galicia e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 1 do G. P. Mixto.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 9; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta número 2. É unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 9 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta número 3, que é unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 22 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta número 4. É unha proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 30 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución por unanimidade.



O señor PRESIDENTE: Proposta número 5. É unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta número 6. É unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 14 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta número 7. É unha proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. Mixto, sobre a proposta de resolución número 21 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 10; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta número 8. É unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.



Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a proposta de resolución número 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: A proposta número 9 é unha transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as propostas de resolución número 10 do G. P. dos Socialistas de Galicia e número 26 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta número 10. É unha transacción entre o Grupo Parlamentario Popular e o Grupo Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a proposta de resolución número 29 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta número 11. É unha proposta de transacción entre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as propostas de resolución número 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e número 17 do G. P. dos Socialistas de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: E agora imos votar as propostas que se pediron separar por parte dos grupos parlamentarios.

Votación das propostas de resolución do G. P. Mixto

O señor PRESIDENTE: Comezamos coas do Grupo Mixto, que pide votar por separado, a proposta número 3.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 3 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 1; votos en contra, 49; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 5.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 12.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 15.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 49.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 17.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 23.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 23 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 1; votos en contra, 74.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 25.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 26.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 26 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución —aquí van varias, ¡¿eh?!— números 2, 4, 8, 13 e 31.

Votamos

Votación das propostas de resolución números 2, 4, 8, 13 e 31 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 6, 7, 10, 11, 16, da 18 á 20 e 24.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 6, 7, 10, 11, 16, da 18 á 20 e a 24 do G. P. Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 40; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que pediu que se separaran.

Votamos as propostas de resolución números: 21, 22 e 27.



Votamos.

Votación das propostas de resolución números 21, 22 e 27 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 40; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as propostas de resolución números 15, 23, 26, 29 e 31.*

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 15, 23, 26, 29 e 31 do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 65.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as propostas de resolución números da 1 á 9, da 11 á 14, 16, 18, 19, 24, 25, 28, 30 e da 32 á 40.*

Votamos.

Votación das propostas de resolución números da 1 á 9, da 11 á 14, 16, 18, 19, 24, 25, 28, 30 e da 32 á 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: *¿Perdón? (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) Imos pólo aquí agora. ¿Isto é de última hora? Vale. (Murmurios.) ¿Perdón? (Murmurios.)*

¿Votaremos algunha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? Non, aínda non, ¿non? (Negación.)

Votación das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

O señor PRESIDENTE: *Bueno, entón, imos votar agora as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*



O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a proposta de resolución número 3.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 3 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 40; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 4.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 4 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 16.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 49.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 25.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 39.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 39 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 40; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 1, 5, 8, 10 e 38.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 1, 5, 8, 10 e 38 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 49; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 6, 9, 11, 14, 32 e 35.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 6, 9, 11, 14, 32 e 35 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as propostas de resolución números 2, 7, 12, 13, 15, da 17 á 23, da 27 á 29, 31, 33, 34, 36, 37 e 40.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 2, 7, 12, 13, 15, da 17 á 23, da 27 á 29, 31, 33, 34, 36, 37 e 40 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposta de resolución número 24.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. do Partido Popular de Galicia

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as do Grupo Parlamentario Popular.

Comezamos votando a proposta de resolución número 1.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 2.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposta de resolución número 7.



Votamos.

Votación da proposta de resolución número 7 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 25; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a proposta de resolución número 15.*

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 25; abstencións, 10.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Proposta de resolución número 17.*

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 24; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Proposta de resolución número 19.*

Votamos.

Votación da Proposta de resolución número 19 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 25; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: *Proposta de resolución número 20.*



Votamos.

Votación da Proposta de resolución número 20 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; votos en contra, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta de resolución número 40.

Votamos.

Votación da Proposta de resolución número 40 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 9; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 3 e 34.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 3 e 34 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 6, 25 e 33.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 6, 25 e 33 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 4, 14, 26 e 31.



Votamos.

Votación das propostas de resolución números 4, 14, 26 e 31 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 25; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 10, 11, 32 e 39.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 10, 11, 32 e 39 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 9; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 13, 27, 35 e 38.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 13, 27, 35 e 38 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 22, 24, 28 e 36.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 22, 24, 28 e 36 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 5, 12, 16, 21 e 30.



Votamos.

Votación das propostas de resolución números 5, 12, 16, 21 e 30 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: E propostas de resolución números 8, 9, 18, 23 e 37.

Votamos.

Votación das propostas de resolución números 8, 9, 18, 23 e 37 do G. P. Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.


O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións, e remata tamén o Debate do estado da Autonomía.

Grazas.

Boa tarde.

Remata a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

